10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poden adoptar a consecuencia dos seus resultados:

A avaliación inicial facilitará a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Polo tanto, será o referente das medias a contemplar que deriven dos resultados da mesma, e compre desenvólvela durante o mes de setembro.

Consistirá en:

- A observación sistemática do alumnado, respecto de actitudes como o interese, o esforzo, a atención, o respecto das normas, ...
- A análise das producións orais do alumnado: expresión oral e lectura.
- E, a análise das producións escritas do alumnado mediante fichas das distintas áreas, adaptadas á súa idade e nivel educativo.

A nivel de aula, algunhas das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son: traballar a grafomotricidade desde o máis básico, traballar a lectura desde o comezo (vogais), establecer normas como respectar as quendas de palabra, permanecer sentado durante a realización de traballos de grafomotricidade, ... (Estando a día 15 de setembro a avaliación inicial continúa; e, polo tanto, é posible que haxa que incluír máis medidas a tomar).

11. Medidas de Atención á Diversidade:

Tendo en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe terá éxito na medida en que o adaptemos á maneira peculiar de aprender que teña cada alumno/a, a individualización será a meta a perseguir mediante:

- ☒ Actividades de reforzo e ampliación que serán aplicadas cando sexa oportuno.
- ☒ Competencias en intelixencias múltiples, terase en conta a diversidade de estilos cognitivos á hora de realizar as aprendizaxes,

empregando actividades baseadas nas representacións plásticas, a dramatización,...

☞ Terase en conta o ritmo na aprendizaxe de cada alumno, dotarase ao alumnado do tempo necesario para realizar as tarefas,...

No nivel de 1º de E.P. contamos con alumnado susceptible de medidas de atención á diversidade, destacando:

- En 1º B hai dous alumnos que van recibir apoio de AL e outros dous que van recibir apoio de PT dentro da aula. Tamén hai un neno novo cun comportamento con moitas conductas disruptivas, estamos á espera de informes.
- En 1ºA catro alumnos van recibir apoio de AL e outro vai recibir apoio de PT dentro da aula. Un alumno novo presenta condutas disruptivas e incluso contrarias á convivencia.

De seguro, estas non serán as únicas medidas de atención á diversidade que se van necesitar en 1º E.P.; dado que, calquera alumno/a pode ser susceptible de necesitalas en calquera momento do proceso de ensino-aprendizaxe.

12. Concreción dos Elementos Transversais:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audivisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

13. Actividades Complementarias:

Ao longo do curso o alumnado de 1º E.P. participará nas conmemoracións que se celebren no Centro (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas, ...).

14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

Terase en conta que a Programación cumpra os seguintes puntos:

- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.

- A concreción dos obxectivos é a correcta.
- A concreción para cada estándar é a axeitada.
- A metodoloxía empregada adáptase á diversidade da aula.
- Os materiais e recursos son variados.
- Os criterios de avaliación e cualificación son concretos.
- As medidas de atención á diversidade contempladas son as necesarias.
- Abórdanse os elementos transversais.
- Figuran actividades complementarias concretas.
- Ten presente os plans de centro.

15. Contribución aos Plans de Centro:

- Plan Lector: A lectura en 1º E.P. terá, en todas as áreas, unha especial consideración, polo que se lle adicará un tratamento específico e un tempo axeitado. Aínda así, ao igual que o resto do centro, adicaremos media sesión logo do recreo á lectura.

En 1º E.P., ademais de aprender a ler, debemos concienciar ao alumnado de que a lectura debe servir para disfrutar, aprender e informarse, polo que na aula levaranse a cabo unha serie de estratexias comúns que se poden aplicar a todas as áreas:

- Traballar estratexias de comprensión de pequenos textos de distintos tipos.
- Presentación de libros na clase.
- Emprego da biblioteca de centro.
- Recomendacións lectoras (novidades, títulos preferidos,...).
- Lectura en voz alta de distintos textos sinxelos e en diferentes formatos (uso das Tic's)
- Dramatización de textos sinxelos.
- Elaboración de pequenos contos.

As lecturas que realizarán os alumnos e alumnas de 1º de E.P. van ser variadas ao longo do curso (narrativa, banda deseñada, poesía, textos

dramatizados, contos, fábulas, lendas, textos científicos, xornais, textos publicitarios, carteis, ...).

- Plan de Convivencia:

Preténdese ter no centro un clima de harmonía e concordia entre o noso alumnado e profesorado, sentíndonos todos parte dun grupo no que nos respectemos e apoiemos, onde os escasos conflitos que podan emerxer teñan unha resolución pacífica que permita unhas boas relacións.

Por todo isto deberemos ter presente: a educación en valores e en habilidades sociais, a atención á diversidade entendendo a diferenza como un valor e o respecto das normas de convivencia, a orde e a limpeza, cumprimento das normas de funcionamento das distintas dependencias do centro (aulas, biblioteca, aula de informática, comedor, patios,...),...

- Plan de Integración das Tic's:

Consideramos moi importante o achegamento das tecnoloxías da información e comunicación aos nenos como parte esencial para o seu desenvolvemento e a súa maduración autónoma no mundo actual. Por iso, nas nosas clases non faltarán nunca elementos tales como o ordenador, o proxector, a pantalla ou a Internet. E, un dos noso obxectivos é que os nenos e nenas se inicien no manexo destas tecnoloxías, as consideren útiles e as empreguen e integren nas súas vidas co fin de facilitar o seu crecemento, chegando a seren seres máis autónomos e cidadáns activos da nosa sociedade.

Ademais, empregaremos como un recurso máis a Aula Virtual do centro no ensino presencial e, de ser necesario, empregaremos a Aula Virtual como o recurso prioritario no ensino non presencial.

Estaremos en contacto co equipo de dinamización destas tecnoloxías e levaremos tamén a cabo as propostas que xurdan.

Carral, 15 de setembro do 2.021

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º EP

Curso 2021/2022

CEIP “VICENTE OTERO VALCÁRCEL”

Mestras: Verónica Martínez Grandío (2ºA)

María Lesta Seoane (2ºB)

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**
- 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.**
- 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
- 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.**
- 6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR.**
- 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.**
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.**
- 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, NO SEU CASO.**
- 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS.**
- 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO.**
- 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.**
- 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CENTRO.

1. INTRODUCCIÓN.

Esta programación nace da necesidade de todo docente de planificar a súa práctica diaria. Sen embargo, non entendemos a programación como un documento pechado e no que non pode haber variacións, senón como un marco de referencia aberto e

flexible no que o contexto e os intereses do alumnado marcarán os tempos, os espazos e as diferentes maneiras de ensinar e aprender.

Está pensada para dous grupos de nenos e nenas do 2º Nivel de EP: 2º A conta con 25 alumnos/as e 2º B con 25 alumnos/as, escolarizados no CEIP “Vicente Otero Valcárcel” no municipio coruñés de Carral. O Concello de Carral está situado na parte centro-norte da comarca setentrional da provincia da Coruña, a 17 quilómetros da capital provincial, e delimitando co Concello de Cambre polo norte, Ordes ao sur, Abegondo ao leste, Cerceda ao oeste, e Culleredo ao noroeste. Ocupa unha superficie total de 48 Km², que representa o 0,6% da provincia. Está formado por oito parroquias: Veira (9,735 Km²), Tabeaio (5,016 Km²), Cañás (3,338 Km²), Paleo (8,172 Km²), Quembre (5,118 Km²), San Vicente de Vigo (4,760 Km²), Sergude (2,481 Km²) y Sumio (9,334 Km²). Conta cunha poboación total de 5.592 habitantes.

Para elaborar esta programación temos en conta as características dos nenos de 7 e 8 anos no que Piaget marca o paso da etapa das operacións concretas. Nestas idades os nenos e nenas iníciáanse e desenvolven o pensamento lóxico e o abstracto. Igualmente melloran no seu coñecemento das relacións espaciais, de conservación (un obxecto permanece a pesar dos cambios superficiais na súa forma ou aspecto físico), inclusión de clases e categorización, transformación (relacionada coa percepción dos estados de ánimo nos demais), diminución do egocentrismo e, unido a isto, mellora nas relacións sociais.

O marco lexislativo no que se desenvolve ten en conta a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Orde do 9 de Xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursan Educación Primaria na CA de Galicia.

Este curso contamos con 2 unidades de 2º de EP. Os grupos-clase de segundo de primaria aos que destinamos esta programación, están formados por:

Segundo A: O grupo - clase de segundo de primaria A, está formado por 25 alumnos: 11 nenas e 14 nenos. No momento da elaboración desta programación 2º A ten alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe e traballo. Hai tres alumnos/as que, en principio, continuarán con apoio da mestra de AL (Audición e Linguaxe) por amosar dificultades na fala. Un alumno con diagnóstico de TDHA que vai contar con apoio do mestre de PT e reforzo educativo da titora. Tamén conta cun alumno que está flexibilizando este curso, o cal recibirá apoio da mestra de PT (as sesións están por determinar). Tamén hai unha alumna que promocionou con materias suspensas polo que precisará tanto apoio da mestra de PT como da titora. O resto do alumnado, e en función das necesidades que vaia amosando ó longo do curso, contará con reforzo educativo por parte da mestra titora cando así o demande.

Segundo B: O grupo - clase de segundo de primaria B, está formado por 25 alumnos/as: 11 nenas e 14 nenos. No momento da elaboración desta programación 2ºB conta con 3 alumnos que, en principio, continuarán co apoio da mestra de AL por amosar dificultades na súa fala (dislalias). Unha alumna promocionou con dúas áreas suspensas e amosa dificultades de aprendizaxe polo que, en principio, seguirá co apoio da mestra de AL e a mestra de PT, así como Reforzo Educativo pola miña parte como mestra titora (as sesións que se destinarán a estes apoios aínda están por determinar). En función das diferentes necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso, determinarase o apoio ou reforzo educativo a impartir adaptándoo a estas necesidades.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

PERFIL COMPETENCIAL 2º NIVEL EP

Lingua Castelá: Vermello
Lingua Galega: Laranxa
Matemáticas: Azul

CC Sociais: Violeta
CC Naturais: Verde
Lingua estranxeira: Marrón

Ed Física: negro
Ed Plástica: Rosa
Ed. Musical : Turquesa

C.A.A	%	C.C.L	%	C.M.C.T.	%	C.D.	%	C.S.C	%	C.S.I.E.E	%	C.C.E.C	%
LCB2.3.1 ACTIVA DE FORMA GUIADA, COÑECEMENTOS PREVIOS PARA COMPRENDER UN TEXTO.	10	LGB2.1.2. COMPRENDE INFORMACIÓNS CONCRETAS EN TEXTOS SINXELOS, PROPIOS DE SITUACIÓNS COTIÁS, COMO INVITACIÓNS, FELICITACIÓNS, NOTAS E AVI-SOS OU MEN-SAXES CURTAS	10	MTB2.4.1 RESOLVE PROBLEMAS QUE IMPLIQUE O DOMINIO DOS CONTIDOS TRABALLADOS.	20	MTB1.3.1. UTILIZA OS MEDIOS TECNOLÓXICOS NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.	20	LCB1.1.1. EXPRESA DE FORMA GLOBAL SENTIMENTOS, VIVENCIAS E OPINIÓNS.	10	LCB1.3.1 PARTICIPA ACTIVAMENTE EN DIVERSAS SITUACIÓN DE COMUNICACIÓN: - DIÁLOGOS,- EXPOSICIÓNS ORAIS GUIADAS, CON AXUDA, CANDO CUMpra, DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.	20	LCB5.1.1 VALORA DE FORMA GLOBAL, TEXTOS PROPIOS DA LITERATURA INFANTIL: CONTOS, CANCIÓNS, POESÍA, CÓMICS, REFRÁNS, ADIDIVIÑAS...	20
LCB2.3.2. FORMULA HIPÓTESES SOBRE O CONTIDO DO TEXTO A PARTIR DO TÍTULO E DAS ILUSTRACIÓNS REDUNDANTES.	10	LCB1.11.1 EMPREGA DE XEITO EFECTIVO A LINGUAXE ORAL PARA COMUNICARSE: ESCOITA E PREGUNTA PARA ASEGURAR A COMPRENSIÓN.	10	MTB5.1.1 REXISTRA E INTERPRETA DATOS EN REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS.	20	LCB2.8.1 UTILIZA DE XEITO GUIADO, AS TIC, PARA BUSCAR INFORMACIÓN.	20	PLEB2.3. AMOSA UNHA ACTITUDE DE ESCOITA ATENTA.	10	LGB1.8.1 INTERÉSASE POR EXPRESARSE ORALMENTE COA PRONUNCIA E A ENTOACIÓNS ADECUADA A CADA ACTO COMUNICATIVO E PROPIA DA LINGUA GALEGA.	20	LGB2.6.1 AMOSA INTERESE POLA LECTURA COMO FONTE DE APRENDIZAXE, MEDIO DE COMUNICACIÓN E DE LECER.	20

Lingua Castelá: Vermello
Lingua Galega: Laranxa
Matemáticas: Azul

CC Sociais: Violeta
CC Naturais: Verde
Lingua estranxeira: Marrón

Ed Física: negro
Ed Plástica: Rosa
Ed. Musical : Turquesa

<p>LG1.3.2. SIGUE UNHA EXPO- SICIÓN BREVE DA CLASE OU EX- Plicacións SOBRE A ORGANIZA- CIÓN DO TRABALLO E PREGUNTA SE É PRECISO, PARA VERIFICAR A Súa COMPRENSIÓN.</p>	10	<p>LCB1.9.1. ELABORA COMPRESIBLEMEN TE TEXTOS ORAIS SINXELÓS, DO ÁMBITO ESCOLAR E SOCIAL, DE DIFERENTE TIPOLOXÍA: NOTICIAS, AVISOS, CONTOS, POEMAS, ANÉCDOTAS</p>	10	<p>CNB3.2.1 NOMEA E CLASIFICA, CON CRITERIOS ELEMENTAIS A PARTIR DA OBSERVACIÓN, SERER VIVOS DO SEU CONTORNO ADOPTANDO HÁBITOS DE RESPETO.</p>	20	<p>LG1.2.1 COMPRENDE INFORMACIÓNs RELEVANTES SIN- KELAS DOS DOCUMENTOS AUDIOVISUAIS QUE INCLUIAN IMAXES E ELEMENTOS SONOROS DE CARÁCTER REDUNDANTE.</p>	20	<p>CSB2.5.3 COÑECE E LEVA Á PRÁCTICA ACCIÓNs POSITIVAS PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL.</p>	10	<p>CNB1.1.1 MANIFESTA CERTA AUTONOMÍA NA OBSERVACIÓN E NA PLANIFICACIÓN DE ACCIÓNs E TAREFAS E TEN INICIATIVA NA TOMA DE DECISIONS.</p>	20	<p>LG15.6.1 AMOSA CURIOSIDADE POR COÑECER OUTROS COSTUMES E FORMAS DE RELACIÓN SOCIAL, RESPECTANDO E VALORANDO A DIVERSIDADE CULTURAL.</p>	20
<p>LG2.4.2 COÑECE, DE XEITO XERAL, O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA DE ALULA E DE CENTRO, COMO INSTRU- MENTO COTIÁN DE BUSCA DE INFORMACIÓN E FONTE DE RECURSOS TEXTUAIS DIVERSOS.</p>	10	<p>LCB1.9.2 ORGANIZA O DISCURSO CUNHA SECUENCIA COHERENTE ELEMENTAL.</p>	10	<p>CSB2.6.1.CITA ALGÚNS DOS ELEMENTOS BÁSICOS QUE CONFORMAN A PAISAXE LOCAL E COÑECE AS CARACTERÍSTICAS MÁIS SIGNIFICATIVA DESTES.</p>	20	<p>LG1.3.1 USA, DE XEITO GUIADO, PROGRAMAS INFORMÁTICOS DE PROCESAMENTO DE TEXTOS.</p>	20	<p>CSB3.4.1 AMOSA UNHA ACTITUDE DE ACEPTACIÓN E RESPETO ANTE AS DIFERENZAS INDIVIDUAIS NOS GRUPOS ADS QUE PERTENCE E COS QUE CONVIVE, NOS XOGOS E NAS TAREFAS ESCOLARES.</p>	10	<p>CNB4.1.2. REDUCE, REUTILIZA E RECICLA RESIDUOS NA ESCOLA.</p>	20	<p>EMB2.3.1. INTERPRETA INDIVIDUALMENTE OU EN GRUPO UN PEQUENO REPERTORIO DE CANCIÓNs SINXELAS.</p>	20
<p>PLEB3.3. FAI HIPÓTESES SOBRE O TEMA DUN TEXTO ELEMENTAL A PARTIR DO TITULO DO MESMO E DAS IMAXES QUE O ILUSTRAN.</p>	10	<p>LG1.5.5 MANTÉN O TEMA NUN INTERCAMBIO COMUNICATIVO ORAL, MOSTRA INTERESE, UNHA ACTITUDE RECEPTIVA DE ESCOITA E RESPECTA AS OPINIÓNS DAS DEMAIS PERSOAS.</p>	10	<p>EM2.1.1 REPITE ESQUEMAS RÍTMICOS ESCOITADOS.</p>	20	<p>CNB5.2.2 EMPREGA O ORDENADOR DE FORMA GUIADA E FAI UN BO USO.</p>	20	<p>EFB1.3.4 PARTICIPA NA RECOLLIDA E ORGANIZACIÓN DE MATERIAL UTILIZADO NAS CLASES.</p>	10	<p>EFB1.3.2 DEMOSTRA CERTA AUTONOMÍA RESOLVENDO PROBLEMAS MOTORES</p>	20	<p>EMB2.4.3. LE E CREA PEQUENOS ESQUEMAS RÍTMICO- MELÓDICOS CON BRANCAS, NEGRAS E SILENCIO DE NEGRA, ENGADINDO A CLAVE DE SOL.</p>	20
<p>CNB1.2.1 UTILIZA ESTRATEXIAS PARA</p>	10	<p>LG2.3.1 DESCODIFICA DE</p>	10					<p>EFB6.2.1 PRACTICA XOGOS LIBRES E</p>	10				

PERFIL COMPETENCIAL 2º NIVELEP

Lingua Castelá: Vermello
Lingua Galega: Laranxa
Matemáticas: Azul

CC Sociais: Violeta
CC Naturais: Verde
Lingua estranxeira: Marrón

Ed Física: negro
Ed Plástica: Rosa
Ed. Musical : Turquesa

TRABALLAR DE FORMA INDIVIDUAL E EN EQUIPO E RESPECTA AOS COMPAÑEIROS, O MATERIAL E AS NORMAS DE CONVIVENCIA.		FORMA AXEITADA NA LECTURA DE TEXTOS DIVERSOS.				XOGOS ORGANIZADOS, RECOÑECENDO AS SÚAS CARACTERÍSTICAS E DIFERENZAS.				
CNB1.1.2 MANIFESTA AUTONOMÍA NA PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DE TAREFAS COIDANDO A SÚA PRESENTACIÓN, TEN INICIATIVA NA TOMA DE DECISIÓNS E ASUME A SÚA RESPONSABILIDADE.	10	LGB3.1.5 COMPÓN, SEGUINDO MODELOS, TEXTOS RELACIONADOS COA ESCOLA (LISTAXES, DESCRICIÓNS E EXPLICACIÓNS ELEMENTAIS) OU COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL (NOVAS SINXELAS, TITULARES, PÉS DE FOTOS) SOBRE ACONTECEMENTOS PROPIOS Á SÚA EXPERIENCIA.	10			EPB2.8.1 AMOSA INTERESE POLO TRABALLO INDIVIDUAL E COLABORA NO GRUPO PARA A CONSECUCIÓN DUN FIN COLECTIVO.	10			
EFB1.1.4 RECOÑECE AS CONDUTAS INAPROPIADAS QUE SE PRODUCEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA.	10	PLEB1.1 COMPRENDE A INFORMACIÓN ESENCIAL DUN CONTO, RIMA OU CANCIÓNS MOI BREVES, E MOI SINXELOS E PREVIAMENTE TRABALLADOS, EMITIDOS LENTAMENTE, CUN-	10			EMB1.2.1 RESPECTA OS OS TEMPOS DE SILENCIO PARA O BO ESTUDO DOS SONS E A ESCOITA DE AUDICIÓNS.	10			

Lingua Castelá: Vermello
Lingua Galega: Laranxa
Matemáticas: Azul

CC Sociais: Violeta
CC Naturais: Verde
Lingua estranxeira: Marrón

Ed Física: negro
Ed Plástica: Rosa
Ed. Musical : Turquesa

		HA PRONUNCIA BEN ARTICULADA, E CON APOIOS VISUAIS MOI REDUNDANTES QUE AXUDEN Á COMPRESIÓN.								
CSB1.1.1. FAI CONXETURAS, PREDICIÓN S E RECOLLE INFORMACIÓN A TRAVÉS DA OBSERVACIÓN E EXPERIMENTACIÓN INICIÁNDOSE NO EMPREGO DAS TICS E OUTRAS FONTES DIRECTAS E INDIRECTAS, SELECCIONA A INFORMACIÓN RELEVANTE E A ORGANIZA, OBTÉN CONCLUSIÓN S SINXELAS E AS COMUNICA.	10	MTB1.1.1. EXPLICA ORALMENTE O PROCESO SEGUIDO PARA RESOLVER UN PROBLEMA.	10				EMB3.1.2. INTERACTÚA ADECUADAMENTE COS COMPAÑEIRAS E COAS COMPAÑEIRAS, AMOSANDO INTERESE E RESPECTANDO AS NORMAS E AS INTERVENCIÓN S DAS DEMAIS PERSOAS.	10		
MTB 4.5.2. REFLEXIONA SOBRE O PROCEDEMENTO APLICADO Á RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: REVISANDO AS OPERACIÓN S EMPREGADAS, AS	10	CSB1.4.1. IDENTIFICA A TERMINOLOXÍA PROPIA DA ÁREA.	10				PLEB5.12. PARTICIPA ACTIVAMENTE EN XOGOS DE LETRAS, ELABORACIÓN DE GLOSARIOS ILUSTRADOS, DRAMATIZACIÓN	10		

PERFIL COMPETENCIAL 2º NIVEL EP											
Lingua Castelá: Vermello			CC Sociais: Violeta			Ed Física: negro					
Lingua Galega: Laranxa			CC Naturais: Verde			Ed Plástica: Rosa					
Matemáticas: Azul			Lingua estranxeira: Marrón			Ed. Musical : Turquesa					
UNIDADES DOS RESULTADOS, COMPROBANDO E INTERPRETANDO AS SOLUCIÓNS NO CONTEXTO.											

CAA: COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

CCU: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

C.M.C.C.T: COMPETENCIA MATEMÁTICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

CD: COMPETENCIA DIXITAL.

CSC: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS.

CSIEE: COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

CCCEC: COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

Os obxectivos da EP constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Estes obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e competencias clave asociadas son os referidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CIENCIAS NATURAIS				
TRIMESTR E	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS CUALIFICACIÓN

1º	CNB1.1.1. Manifiesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifiesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas.	CCA, CMCCT, CSIEE	10%
1º	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao con outros seres vivos.	Identifica as partes do corpo humano máis comúns.	CMCCT, CL, CSC	25%
1º	CNB2.1.2 Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	Recoñece con axuda que respirar e comer son necesarios para a vida.	CMCCT	10%
1º	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	Verbaliza sentimentos propios e comeza a verbalizar os alleos máis comúns: tristura, enfado, medo e alegría.	CMCCT, CSC, CCL	10%
1º	CNB2.2.1 Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	Coñece algún trastorno alimentario.	CMCCT, CSC, CAA	10%
1º	CNB2.2.2 Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	Relaciona o descanso e a alimentación coa saúde.	CMCCT, CSC	25%
1º	CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios e aplica o menú semanal de merendas na escola.	Iníciase na identificación dos alimentos diarios necesarios.	CMCCT	10%
2º	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o	Utiliza, a maioría das veces, estratexias para traballar de forma individual e en equipo, respecta aos compañeiros e soe coidar o material.	CAA, CMCCT, CSIEE	15%

	material e as normas de convivencia.			
2º	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes observando o seu contorno.	Diferenza entre seres vivos e os inertes, con axuda.	CMCCT, CCL	15%
2º	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno empregando diferentes soportes.	Describe, con axuda animais e identifica algunhas plantas da súa contorna.	CMCT, CCL	15%
2º	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.	Nomea seres vivos da súa contorna e comeza, con axuda a clasificalos (aves, peixes e mamíferos).	CMCCT, CCL, CSC	8%
2º	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.	Coñece diferentes máquinas do seu contorno.	CMCCT, CSC	8%
2º	CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.	Coñece as partes dun ordenador: teclado, rato, pantalla e CPU.	CMCCT, CD, CCL	8%
2º	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Iníciase no emprego do ordenador de forma guiada. 1º	CMCCT, CD	8%
2º	CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e	Coñece diferentes oficios. 2º	CMCCT CSC	15%

	a contribución social, evitando estereotipos sexistas.			
2º	CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas	Manexa obxectos sinxelos evitando riscos.	CMCCT, CSC	8%
3º	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola	Valora os usos responsables da auga.	CMCC, CSC CCL	30%
3º	CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	Coñece as tres R.	CMCT, CSC, CSIEE	30%
3º	CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.	Realiza, de forma guiada, experiencias coas forzas.	CMCCT, CAA, CSIEE	20%
3º	CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	Comeza a analizar os efectos das forzas sobre obxectos.	CMCCT, CAA, CSIEE	20%

CIENCIAS SOCIAIS

CIENCIAS SOCIAIS				
Tri	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1º	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa, como norma xeral, en actividades individuais e de grupo e valora o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA	12%
1º	CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio	Coñece cal é o Concello e a localidade onde vive.	CSC, CCL	12%
1º	CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello	Coñece algúns servizos do Concello.	CSC, CCL	7%
1º	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.	Coñece accións para a convivencia pacífica.	CSC, CCL	8%
1º	CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	Amosa aceptación e respecto ás diferenzas.	CSC	8%
1º	CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da	Explica oralmente, de forma guiada, festas e costumes propias da escola e da contorna próxima.	CSC, CCL, CCEC	7%

	cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.			
1º	CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	Describe as funcións das profesións que lle son máis cercanas.	CSC, CCL	12%
1º	CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.	Fai unha aproximación á clasificación dos traballos nas fábricas, na natureza e os que prestan servizos.	CSC, CAA	7%
1º	CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	Coñece algunhas regras viais básicas.	CSC, CCL, CAA	12%
1º	CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos	Dalle importancia o coidado da vida pública. coidado da vía pública.	CSC	8%
1º	CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.	Comprende planos sinxelos ,con axuda, de espazos que lle son próximos (barrio ou colexio)	CMCC, CAA, CSIEE	7%

2º	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa, como norma xeral, en actividades individuais e de grupo e valora o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA	12%
2º	CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	Elabora, con axuda, mapas mentais sinxelos.	CAA	6%
2º	CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema.	CMCCT, CSC, CCL	6%
2º	CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.	Nomea algún elemento e característica dos diferentes ecosistemas.	CMCCT, CCL	12%
2º	CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.	Identifica, con axuda, algún elemento da paisaxe natural e urbana.	CMCCT	12%
2º	CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	Diferencia, con axuda, entre paisaxes de costa e de interior.	CMCCT, CCL	7%

2º	CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	Coñece algunha acción para protexer o medio natural.	CMCCT, CSC	7%
2º	CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes	Coñece, con axuda, os elementos que conforman a paisaxe que lle é máis próxima.	CMCCT, CCL	6%
2º	SB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	Identifica dúas rochas ou minerais.	CMCCT, CCL	6%
2º	CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	Coñece algúns dos usos da auga.	CMCCT, CD, CCL	12%
2º	CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	Realiza un uso responsable da auga na escola.	CSC	7%
2º	CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	Identifica lugares onde hai auga na contorna.	CMCCT, CD, CAA	7%
3º	CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información	Recolle información iniciándose no emprego das TIC e outras fontes. Trata de comunicala coas súas palabras.	CAA, CCL, CD, CMCCT	8%

	relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.			
3º	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Manifesta certa autonomía nas tarefas, coida a presentación e asume, de forma xeral, responsabilidades propias da súa idade.	CSIEE, CAA, CSC	9%
3º	CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.	Coñece algún vocabulario propio da área.	CC, CMCCT, CSC	9%
3º	CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	Ordena, con axuda, distintas secuencias cronolóxicas sobre persoas e obxectos.	CMCCT, CSC	9%
3º	CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	Describe algún acontecemento vivido na familia ou na escola.	CCL, CSC,CMCCT	8%
3º	CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	Cita algúns medios de comunicación.	CSC, CCL	9%
3º	CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e	Utiliza, permitíndolle algún erro, os conceptos de presente, pasado e futuro en conversas.	CCL, CMCCT	20%

	futuro nas conversas da vida cotiá.			
3º	CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.	Coñece algúns instrumentos de medida do tempo: o reloxo e o calendario e iniciase no seu manexo.	CMCCT ,CAA	20%
3º	CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	Recoñece os museos como lugares de ocio.	CSC, CCEC	8%

LINGUA CASTELÁ

Tri.	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1º	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	Expresa sentimentos e vivencias e iníciase na expresión de opinións.	CCL, CAA, CSC	4%
1º	LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	Aplica durante periodos curtos as normas sociocomunitarias de escoita e espera de quendas.	CCL, CAA, CSC	4%

1º	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.	Utiliza recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente..	CCL	4%
1º	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	Exprésase cunha pronunciación axeitada, podendo existir algunha dislalia.	CCL	4%
1º	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	Utiliza un vocabulario básico e incorpora novas palabras.	CCL	4%
1º	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal de textos escritos curtos: que, como, quen, cando e onde.	CCL	8%
1º	LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	Organiza un discurso oral breve cunha secuencia coherente.	CCL, CAA, CSIEE	8%
1º	LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL, CSC	4%
1º	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e	Le en voz alta, intentando entonar de forma axeitada, textos breves.	CCL	8%

	entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.			
1º	LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	Relaciona as ilustracións coa información que aparece no texto.	CC, CAA	4%
1º	LCB2.4.1. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	CCL	4%
1º	LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL	4%
1º	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	Consulta, na biblioteca, de xeito guiado, diferentes textos.	CCL, CD, CAA	4%
1º	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida, de forma xeral, os seus libros.	CCL, CSC	4%

1º	LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.	Iníciase na utilización de sinónimos e antónimos na expresión oral e escrita.	CCL	4%
1º	LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	Comeza a identificar de forma moi xeral e intuitiva o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	CCL	4%
1º	LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias: Artigo, nome e verbo.	CCL	8%
1º	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	CCL, CAA, CCEC	4%
1º	LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	CCL, CCEC	4%
1º	LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	Reproduce, con axuda, textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	CCL	4%

1º	LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	CCL, CSC, CCEC	4%
2º	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos e exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	Participa, en ocasións, en situacións de comunicación como diálogos e pequenas exposicións orais.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE	7%
2º	LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	Identifica, con axuda, polo contexto o significado de distintas palabras.	CCL	3%
2º	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Comprende, con pequenas axudas, a información xeral dun texto oral sinxelo.	CCL, CAA	8%
2º	LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	Iníciase na utilización guiada dos medios dixitais para obter información: abre o navegador e escribe, con axuda, as palabras claves intentando recoller algunha información.	CCL, CD, CAA	3%

2º	LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	Recoñece, con axuda, e de forma global o contido principal dunha noticia sinxela procedente dos medios de comunicación .	CCL, CD, CA, CSC	4%
2º	LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	Intenta adecuar a entoación e o volume á representación.	CCL	3%
2º	LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	Escoita durante un tempo breve e iníciase na formulación de preguntas para asegurar a comprensión.	CCL, CAA, CSC, CSIEE	3%
2º	LCB22.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.	Identifica, con axuda, o tema dun texto sinxelo.	CCL, CAA	8%
2º	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	Le en voz alta, pronunciando e entonando de forma axeitada, textos breves.	CCL	8%
2º	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	Activa, con axuda e de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	CC, CAA	3%

2º	LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.	Formula hipóteses de forma guiada sobre o contido do texto a partir das ilustracións e do título.	CCL,CAA	3%
2º	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	Iníciase no recoñecemento da finalidade de diferentes textos. Instrucións: para facer algo. Literarios: para divertirse. Informativos: para buscar información.	CCL, CD, CAA	3%
2º	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora as súas producións escritas e as dos demais.	CCL, CSC	3%
2º	LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	Iníciase na utilización e revisión de borradores para elaborar textos sinxelos.	CCL, CAA, CSIEE	7%
2º	LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.	Iniciase no uso do procesador de textos : Teclear e borrar	CC, CD, CAA	3%

2º	LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda....	Elabora, con axuda, gráficas sobre experiencias realizadas.	CCL, CAA	3%
2º	LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita	Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita, podendo cometer algún erro en palabras menos habituais.	CCL	8%
2º	LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas (escribe algún punto e algunha coma así como interrogacións e exclamacións).	CCL	3%
2º	LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.	Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: cancións, refráns, cómics e contos.	CC, CCEC	3%
2º	LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	CCL, CAA	3%
2º	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos breves) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC	8%

3º	LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	Realiza, con axuda, dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	CCL, CAA, CCEC, CSC	3%
3º	LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos...	Recoñece, con axuda, a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos: cartas, anuncios, folletos...	CCL, CAA	5%
3º	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	Reproduce, con axuda e de memoria, pequenos textos sinxelos e breves axeitados aos seus gustos e intereses.	C, CAA, CCEC	4%
3º	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos: anécdotas e contos (con axuda).	CCL, CAA, CSIEE	8%
3º	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada,	Le en voz alta, pronunciando e entonando de forma axeitada, textos breves.	CCL	8%

	diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.			
3º	LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	Le durante un pequeno tempo en silencio.	CCL	4%
3º	LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	Distingue, de forma xeral entre, textos informativos e literarios.	CCL, CAA	4%
3º	LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	Iníciase na diferenciación entre información e publicidade casos moi evidentes (con axuda)	CCL, CAA, CSC	4%
3º	LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	Iníciase no recoñecemento da finalidade de diferentes textos. Instrucións: para facer algo. Literarios: para divertirse. Informativos: para buscar información.	CCL, CAA, CSC	4%

3º	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	Escribe con axuda, atendendo á forma básica da mensaxe, e de forma guiada: receitas e contos respectando as normas gramaticais (coherencia interna básica, frases con sentido) e ortográficas básicas (preocúpase pola ortografía arbitraria e recoñece os erros da ortografía natural)	CCL, CD, CAA	8%
3º	LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	Presenta os seus traballos finais con certa caligrafía e limpeza.	CCL, CAA	4%
3º	LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	Comeza a elaborar os seus propios textos sinxelos e ilústraos con imaxes de carácter redundante.	CCL, CD, CAA	4%
3º	LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: artigo, nome, adxectivo, verbo.	CCL	8%

3º	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.	Utiliza con axuda os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.	CCL	5%
3º	LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.	Iníciase na utilización de palabras polisémicas na expresión oral e escrita.	CCL	3%
3º	LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.	Forma, con axuda, palabras compostas a partir de palabras simples.	CCL	4%
3º	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	Utiliza os signos de puntuación (punto e final e interrogación) e as normas ortográficas propias do nivel (uso das maiúsculas e ortografía natural) e as aplica, con axuda, á escritura de textos sinxelos.	CCL	8%
3º	LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	Iníciase no manexo de distintos programas educativos dixitais	CCL, CD, CAA	4%
3º	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Compara algúns aspectos das linguas que coñece.	CCL, CAA	4%

3º	LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.	Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, refráns.	CC, CCEC	3%
3º	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC	4%

MATEMATICAS				
TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1º	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	Desenvolve e amosa, progresivamente, actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado na área de Matemáticas.	CMCT, CAA	7%
1º	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 499.	Le, escribe en cifras e ordena con axuda números ata o 499	CMCT, CCL	15%

1º	MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	Realiza correctamente, con axuda, series tanto ascendentes como descendentes.	CMCT, CAA	7%
1º	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón, de xeito guiado, números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT	15%
1º	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos, de xeito guiado, coas operacións de suma e resta.	CMCT, CAA	15%
1º	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto e medias)	CMCT	7%
1º	MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.	Resolve, con axuda, problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas..	CMCT, CAA	7%
1º	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	Coñece diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea..	CMCT, CAA, CSC	7%

1º	MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	Completa figuras sinxelas partindo do seu eixe de simetría.	CMCT	7%
1º	MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	Interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	CMCT, CAA	6%
1º	MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas.	CMCT, CAA, CSIEE	7%
2º	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	Le, escribe en cifras e ordena con axuda números ata o 999.	CMCT, CCL	15%
2º	MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.	Realiza correctamente, con axuda, series tanto ascendentes como descendentes.	CMCT, CAA	6%
2º	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón, de xeito guiado, números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT	15%
2º	MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	Identifica os números pares e impares.	CMCT	5%
2º	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de	Realiza cálculos numéricos, de xeito guiado, coas operacións de suma e resta	CMCT, CAA	15%

	suma e resta na resolución de problemas contextualizados.			
2º	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	Coñece o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	CMCT	5%
2º	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	Coñece o quilo e o medio quilo como unidades de medida de peso.	CMCT	5%
2º	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	Coñece o litro e o medio litro como unidades de medida de capacidade	CMCT	5%
2º	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	Resolve, de xeito guiado, problemas sinxelos de medida.	CMCT, CAA	6%
2º	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	Recoñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato	CMCT, CAA	6%
2º	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	Identifica, con axuda, o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT, CAA	6%
2º	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	Coñece os números ordinais en contextos reais.	CMCT	6%

2º	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos básicos, de xeito guiado, coa operación da multiplicación..	CMCT, CAA	5%
3º	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	Explica oralmente, con axuda, o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT, CCL	5%
3º	MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	Utiliza, de xeito guiado, os medios tecnolóxicos na resolución de problemas sinxelos.	CMCT, CD, CAA	5%
3º	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	Le e escribe en cifras e ordena con axuda números ata o 999.	CMCT, CCL	10%
3º	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	Recoñece en texto numéricos da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCT, CAA, CCL	10%
3º	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos, de xeito guiado, coas operacións de suma e resta	CMCT, CAA	10%
3º	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos básicos, de xeito guiado, coa operación da multiplicación..	CMCT, CAA	5%

3º	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.	Resolve operacións sinxelas con cálculo mental.	CMCT, CAA	10%
3º	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	Resolve con axuda problemas empregando os contidos traballados.	CMCT, CAA	10%
3º	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas.	CMCT, CSIEE, CAA	5%
3º	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	Iníciase na reflexión sobre o proceso seguido na resolución de problemas..	CMC, CAA, CSIEE	5%
3º	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	Recoñece, de xeito guiado, corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	CMCT, CAA	5%
3º	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	Resolve, con axuda, problemas xeométricos sinxelos.	CMCT, CAA	5%
3º	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	Rexistra e interpreta, con axuda, datos en representacións gráficas.	CMCT, CAA	5%

3º	MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.	Resolve, con axuda, problemas nos que interveñen a lectura de gráficos.	CMCT, CAA	5%
3º	MTB5.2.1. Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.	Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.	CMCT, CAA	5%

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS				
TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1º	VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.	Recoñece verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.	CSC, CCL	6%
1º	VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.	Detecta, con axuda, en si mesmo/a sentimentos negativos.	CSC, CSIEE	6%
1º	VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e	Identifica con axuda as emocións máis sinxelas: enfado, tristura, alegría e sorpresa.	CCL, CSIEE	10%

	identificación das súas emocións.			
1º	VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos e amosa interese por respectar os dos demais.	CCL, CSC	6%
1º	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións.	Expresa sentimentos e emocións.	CCL, CSC, CSIEE	6%
1º	VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.	Emprega a comunicación verbal e non verbal en exposicións orais.	CAA, CSIEE	10%
1º	VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	Intenta empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	CCL, CSC	6%
1º	VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.	Identifica, con axuda, distintas maneiras de ser e actuar.	CSC, CSIEE	6%

1º	VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Respecta normalmente as regras durante o traballo en equipo.	CSC	10%
1º	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.	Coñece as normas da aula.	CCL, CSC	10%
1º	VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula	Participa normalmente na elaboración das normas da aula	CCL, CSC, CSIEE	6%
1º	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	CSIEE	6%
1º	VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Razona, de xeito guiado, as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida	CCL, CSIEE	6%
1º	VSCB3.7.3. Expressa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	Coñece con axuda as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	CCL, CSC	6%
2º	VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	Intenta asumir as súas responsabilidades durante a colaboración	CSC, CSIEE	12%
2º	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na	Utiliza, con axuda, o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.	CSC, CSIEE	5%

	formulación de propostas de actuación.			
2º	VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	Intenta tomar iniciativas de actuación durante a colaboración.	CSC, CSIEE	6%
2º	VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.	Participa en ocasións na resolución de problemas escolares.	CSIEE, CSC	6%
2º	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	Emprega, con axuda, diferentes habilidades sociais básicas.	CSC	12%
2º	VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	Soe formar parte activa das dinámicas do grupo.	CSC, CSIEE	12%
2º	VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	Intenta establecer relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	CSC, CSIEE	6%
2º	VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	Pon en práctica, de xeito guiado, procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	CSC, CSIEE	5%
2º	VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	Respecta normalmente as normas do centro escolar.	CSC	12%

2º	VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.	Explica conflitos e as súas posibles solucións.	CSC, CCL	6%
2º	VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	CSC	6%
2º	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC, CCL	6%
2º	VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC, CSIEE	6%
3º	VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.	En ocasións, motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.	CSIEE, CAA	6%
3º	VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Realiza con axuda, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	CSC, CAA	6%

3º	VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.	Formula problemas de convivencia.	CSC, CCL	7%
3º	VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.	Emprega habitualmente a linguaxe positiva.	CCL, CSC	12%
3º	VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	Resalta calidades dos seus compañeiros e compañeiras	CSC, CSIEE	7%
3º	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	Soe poñer de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	CSC, CSIEE	12%
3º	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Soe ter boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA, CSIEE, CSC	12%
3º	VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	Intenta resolver problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	CSC, CSIEE	6%
3º	VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.	Escoita normalmente as razón das persoas coas que entra en conflito.	CCL, CSIE, CSC	12%

3º	VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	Trata de identificar as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	CSC, CSIEE	6%
3º	VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	Recoñece e a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas	CSC, CCAC	7%
3º	VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	Coñece de forma guiada as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	CSC, CL, CSIEE	7%

PLÁSTICA

PLÁSTICA				
TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1º	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	Describe de forma sinxela as características de diferentes materiais do seu contexto: color, textura e dureza.	CCEC, CCL	10%

1º	EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreia con diferentes tonalidades.	Realiza debuxos e coloreia con diferentes tonalidades	CCL, CCEC	15%
1º	EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	Manexa, de xeito guiado, en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas e cores.	CCEC	10%
1º	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	Practica o recorte, o pegado, o pintado etc	CCEC, CAA	10%
1º	EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario. Social e afectivo con axuda.	CCEC, CSC	10%
1º	EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal.	CCEC, CAA	10%
1º	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes con axuda.	CCEC, CMCCT	15%
1º	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	Elabora imaxes despois dunha presentación audiovisual.	CCEC	10%
1º	EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	Deseña, con axuda, sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	CCEC, CD	10%

2º	EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	Describe coas súas palabras as características de obras artísticas.	CC, CCEC	8%
2º	EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	Manexa, con axuda, en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	CCEC, CAA	8%
2º	EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	Iniciase na mesturas de cores primarias.	CCEC, CAA	8%
2º	EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.	Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo)	CCEC, CAA	8%
2º	EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.	Coñece as cores frías e cálidas.	CCEC, CAA	17%
2º	EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	Utiliza o punto e a liña ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	CCEC	8%

2º	EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	Intenta manexar a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	CCEC, CAA	8%
2º	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	Ás veces, coida o material e respecta as normas preestablecidas.	CSC	18%
2º	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	Soe mostrar interese polo traballo individual e soe colaborar no grupo para a consecución dun fin colectivo.	CSC	17%
3º	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.	Identifica, con axuda, diferentes formas de representación do espazo.	CCL, CCEC	14%
3º	EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	Representa, con axuda, de diferentes maneiras o espazo.	CCEC	29%
3º	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	Practica o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	CCEC, CAA	14%
3º	EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	CCEC, CAA	29%
3º	EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e	Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra)	CCEC, CAA	14%

	escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.			
--	--	--	--	--

LINGUA GALEGA				
TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
1º	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	Participa nunha conversa entre iguais e contesta se é preciso..	CCL, CAA, CSC, CSEIEE	3%
1º	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.	Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo .	CCL, CAA	9%
1º	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.	Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións.	CCL, CSC	9%

1º	LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.	Respecta as opinións da persoa que fala.	CCL, CSC	3%
1º	LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	CCL, CSC, CCEC	2%
1º	LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.	Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral.	CCL, CSC, CCEC	3%
1º	LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar e despedirse, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL, CAA	3%
1º	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	Identifica, de xeito guiado, a lingua galega oral con diversos contextos profesionais, educación, medios de comunicación...	CCL, CCEC	3%
1º	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.	Comprende, de xeito guiado, a información relevante de textos sinxelos, procedentes dos medios de comunicación.	CCL, CD, CSC	3%

1º	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	Comprende, con axuda, informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás.	CCL	9%
1º	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CMCT	3%
1º	LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	Coñece, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro.	CCL, CAA, CSC	2%
1º	LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida e conserva os seus libros.	CCL, CAA, CSC	3%
1º	LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	CCL, CAA, CSC, CCEC	3%
1º	LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.	Usa nos seus escritos o punto e iníciase no uso da coma, signos de exclamación e interrogación.	CCL	5%
1º	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con	.Aplica, de maneira xeral e con axuda as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL, CSC, CCEC	9%

	especial atención ao uso das maiúsculas.			
1º	LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	Elabora, con axuda, textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal. Carteis e anuncios.	CCL, CSC, CCEC, CAA, CSIEE	3%
1º	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	Iniciase na denominación dos textos traballados (textos informativos e literarios) e recoñece palabras.	CCL, CAA	4%
1º	LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	Diferencia, as sílabas que conforman cada palabra.	CCL, CAA	4%
1º	LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	Identifica nomes comúns e propios.	CCL, CAA	4%
1º	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL, CAA	9 %
1º	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Recrea e reescribe, de xeito guiado, diversos textos literarios sinxelos usando modelos: Adiviñas, trabalinguas e xogos de sorte.	CCL, CAA, CCEC	4%
2º	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes	Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos.	CCL, CAA	2%

	da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.			
2º	LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.	Recoñece, de xeito guiado, a función dos medios de comunicación como fonte de información.	CCL, CSC	2%
2º	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	Comprende, con axuda, informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	CC, CD, CAA, CSC	3%
2º	LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	Participa no traballo en grupo.	CCL, CSIEE, CAA	3%
2º	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL, CSC, CCEC	2%
2º	LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	Participa na conversa contestando e formulando preguntas sinxelas..	CCL, CSC, CCEC, CAA	3%
2º	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	Identifica, con axuda, o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	CCL, CSC	2%
2º	LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.	CCL, CSC	2%

2º	LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	Localiza información en textos breves vinculados á experiencia.	CCL, CAA, CSIEE	7%
2º	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.	Descodifica de forma axeitada a lectura de textos diversos (pode ter ata tres erros)..	CCL, CAA	7%
2º	LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.	Le textos sinxelos en voz alta, sen silabear.	CCL	7%
2º	LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.	Iniciase na lectura dramatizada de textos.	CCL, CSC	3%
2º	LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	Usa a biblioteca de aula de xeito guiado e colabora no seu coidado.	CCL, CAA, CSC	3%
2º	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.	. Selecciona textos do seu interese de, de xeito guiado, en función dos seus gustos e preferencias.	CCL	2%
2º	LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	Explica con axuda e dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	CCL, CSC, CAA, CSIEE	2%

2º	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	.Aplica, de maneira xeral e con axuda as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL, CSC, CCEC	7%
2º	LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	Iniciase na composición , seguindo modelos, de textos relacionados coa escola e sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	CCL, CAA CSIEE	7%
2º	LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	Elabora,con axuda, textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal. Carteis e anuncios.	CCL, CSC, CCEC, CAA, CSIEE	3%
2º	LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	Usa de xeito guiado, programas informáticos . Iniciase no uso do procesador de textos. Teclear e borrar	CCL, CD, CAA, CSIEE	2%
2º	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	Ilustra creativamente os seus textos .	CCL, CD, CSIEE	3%
2º	LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	CCL, CSC	2%

2º	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Recrea e reescribe,de xeito guiado, diversos textos literarios sinxelos usando modelos: Refráns, cantigas, contos.	CCL, CAA, CCEC	6%
2º	LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	Valora os textos da literatura galega.	CCL, CCEC	2%
2º	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	Le, de forma guiada, textos en silencio para chegar progresivamente á autonomía lectora (comprensión).	CCL, CCEC, CD	7%
2º	LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le, de forma guiada, textos en voz alta (respectando os signos de puntuación).	CCL, CCEC, CD	7%
2º	LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua.	CCL, CSC, CCEC	2%
2º	LGB5.6.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social.	CCL, CCEC	2%

3º	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.	Elabora e produce, con axuda, textos orais sinxelos ante a clase.	CCL, CSIEE, CAA	4%
3º	LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	Iníciase no uso da lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula .	CCL, CSC, CCEC	3%
3º	LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL, CAA, CSIEE	3%
3º	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	Interésase por expresarse oralmente a cada acto comunicativo .	CCL, CAA, CCEC, CSIEE	3%
3º	LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Recoñece, con axuda, a validez da lingua galega para conversas.	CCL, CCEC, CSC	3%
3º	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	Produce, con axuda, textos relativos a situacións cotiás infantís notas e avisos.	CCL CSIEE, CAA	7%

3º	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	Iniciase na elaboración do texto con coherencia xeral.	CCL, CAA, CSIEE	4%
3º	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	.Aplica, de maneira xeral e con axuda as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL, CSC, CCEC	7%
3º	LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	Iniciase na composición , seguindo modelos, de textos relacionados coa escola e sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	CCL, CAA CSIEE	7%
3º	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	Presenta, os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas.	CCL, CD, CAA	4%
3º	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL, CSC, CAA	4%
3º	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	Concorda o xénero e número en palabras dadas.	CCL, CAA	4%
3º	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor	Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas.	CCL, CSC, CCEC	7%

	social e a necesidade de cingirse a elas.			
3º	LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	Identifica, con axuda, as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	CCL, CAA	7%
3º	LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	Recoñece, de forma xeral e de xeito guiado, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	CCL, CCEC	3%
3º	LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Compara, con axuda, aspectos moi elementais e evidentes das linguas que coñece.	CCL, CAA	3%
3º	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Recrea e reescribe, de xeito guiado, diversos textos literarios sinxelos usando modelos: Poemas.	CCL, CAA, CCEC	4%
3º	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	Le, de forma guiada, textos en silencio para chegar progresivamente á autonomía lectora (comprensión).	CCL, CCEC, CD	7%
3º	LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le, de forma guiada, textos en voz alta (respectando os signos de puntuación e con fluidez).	CCL, CCEC, CD	8%

3º	LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	Recrea e compón, con axuda, poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados.	CCL, CCEC, CSC	4%
3º	LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	Iniciase na participación en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	CCL	4%

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

Os estándares prioritarios son os resaltados en cor vermella nas táboas do perfil de área do apartado anterior. Para **promocionar de nivel**, é necesario ter superados todos os estándares prioritarios.

Para **superar a área**, e chegar ao 5 (Suficiente), será necesario conseguir un 50% polo menos entre todos os estándares sendo o 100% a nota máxima. En cada estándar para conseguir un 50% será necesario acadar o nivel mínimo explicitado na columna correspondente.

Os instrumentos e procedementos de avaliación aparecerán reflectidos no apartado 7.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesor coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos. A opción metodolóxica persegue o desenvolvemento de hábitos de traballo individual e traballo en equipo. Desenvolvendo actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe e o espírito emprendedor.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

O carácter da Educación Primaria é global e integrador, polo que a metodoloxía a utilizar basearase, tomando como referencia o Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece a etapa de educación primaria na nosa comunidades, no seu artigo 15 establécense uns principios metodolóxicos entre os que se destacan:

- Facer especial fincapé na atención á diversidade do alumnado, na súa atención individualizada na previsión de dificultades e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Levar a cabo unha metodoloxía didáctica que sexa comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao desenvolvemento das competencias clave. Destacamos o desenvolvemento de proxectos en determinados temas, tarefas nas que o

alumnado traballará de forma cooperativa (oralmente), rutinas onde se traballarán diferentes aspectos dunha forma oral e manipulativa. Este curso académico, aínda que á situación na que nos atopamos mellorou, seguiremos dando unha maior prioridade ao traballo individual, sen deixar de lado o traballo en gran grupo de xeito oral, onde expoñeremos as nosas ideas para facer unha posta en común e os traballos manipulativos faranse de xeito individual.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo .
- Desenvolver actividades de aprendizaxe de comprensión lectora de todo tipo de textos.
- Diseñar actividades que supoñan relacións entre as distintas disciplinas curriculares.
- Potenciar como fonte de gozo persoal e de creatividade a literatura. Realizaranse diferentes actividades relacionadas coa lectura e cos diferentes tipos de texto ao longo do ano (lectura por parte da mestra, por parte do alumnado, lecturas dialogadas...).
- Utilizar diversas técnicas de avaliación como: observación directa ou probas escritas, rúbricas, diario de clase, presentacións orais, traballos escritos...

O noso papel como mestres ten que ser o dunha persoa que facilite, que medie e guíe na aprendizaxe, máis que un transmisor de coñecementos. Tendo en conta o anteriormente citado a nosa metodoloxía terá:

- Enfoque metodolóxico participativo e activo. O alumnado aprende a través da realización de tarefas distintas e con distintas técnicas nas que os alumnos/as deben participar activamente onde o alumno/a é o centro do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

- Fomenta unha aprendizaxe significativa. Partindo dos seus coñecementos previos, centrámonos no cercano partindo do que eles coñecen ata o máis lonxano. Trátase de proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, coa fin de que resulten motivadoras. Ao principio de cada actividade, estableceráse un breve diálogo para detectar os coñecementos previos do alumnado, asegurándonos que posúen os requisitos básicos para poder abordar a nova aprendizaxe.
- Promove un desenvolvemento integral das capacidades intelectuais no alumnado, involucrándoo de maneira efectiva e estimulando a curiosidade con tarefas prácticas. Tentando desenvolver o pensamento crítico e mantendo a motivación.
- É motivadora. A motivación farase de maneira natural ao permitirlle participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, tendo en conta os coñecementos previos, estimulando o pensamento crítico. A diversidade de materiais e recursos e o uso das novas tecnoloxías contribuirán a manter a motivación do alumnado. Reforzaremos o seu traballo positivamente utilizando pegatinas, selos, puntos...
- Está dirixida ao logro dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias clave. Para lograr isto incide no desenvolvemento e interpretación do mundo en distintos ámbitos da vida e o coñecemento, con autonomía e iniciativa persoal. A aprendizaxe por competencias ten por propósito cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos/as non só sexan capaces de aprender senón tamén de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer. Desenvolvendo o potencial creativo de cada alumno/a.
- Tarefas integradas. Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de

actualidade, onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.
- Fomenta a curiosidade e o desexo de descubrir novas ideas e técnicas.
- Plantexa a realización do proxecto de centro. Foméntase así o traballo globalizador nos alumnos/as traballando con imaxes, presentacións dixitais e textos para realizar despois as tarefas propostas.
- É comunicativa. A información se presentará en distintos códigos, formatos e linguaxes.
- Ten en conta as distintas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe. Para isto, traballa con especial insistencia a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación de logro, entre outras, así como a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Potenciaremos a comunicación a través do diálogo, tolerancia,... buscando un clima afectivo, participativo e de cooperación. Propiciarase un clima ordenado, afectuoso, distendido e á vez esixente con expectativas e actitudes positivas, onde se valore o esforzo, e se potencie a responsabilidade do alumno/a. Durante a realización das rutinas contemplamos a posibilidade de realizar asambleas a medida que vaian xurdindo necesidades entre o noso alumnado.
- O xogo será un dos elementos motivadores para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e interiorización de valores. Neste curso traballaremos as emocións dende distintas vertentes sen esquecer o marco afectivo de relacións familia-escola e por extensión de toda a comunidade educativa. Tamén traballaremos a relaxación.

- Fomentarse as relacións entre iguais (coeducación) que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a toma de decisións colectivas,, a distribución de responsabilidades e tarefas, a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando con iso toda forma de discriminación.

Un dos obxectivos da Educación Primaria é atender ao desenvolvemento integral dos alumnos. Este carácter integral do currículo implica que se teñen que incorporar nas diferentes áreas elementos educativos básicos contidos na educación en valores. A educación en valores son uns contidos que non poden constituír unha soa área, senón que serán tratados por todas elas de forma global e programada, aínda que tamén a través do currículo oculto, que cada docente, equipo ou centro transmite coas súas opinións. Tentaremos transmitir valores que favorezan o respecto, a igualdade, a tolerancia, a xustiza, a integración doutras culturas, a responsabilidade,... (reciclaxe, coidado do entorno, hixiene, alimentación, resolución de conflitos, diálogo, ...).

- **Tarefas escolares:** ademáis das tarefas que levaremos a cabo de xeito habitual dentro da aula, o alumnado poderá realizar tanto tarefas de reforzo para aqueles nenos/as que o necesiten como tarefas de ampliación de xeito puntual. Estas tarefas serán valoradas positivamente. Todos aqueles nenos/as que non rematen no tempo establecido as tarefas indicadas, deberán de rematalas (salvo casos excepcionais) fóra do horario lectivo.

6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR.

En canto aos recursos, estes serán tanto de tipo persoal como material e internos ou externos ao centro se fora necesario. Os recursos persoais cos que contamos son: titoras, mestres de apoio, mestres especialistas, membros do Departamento de Orientación, alumnado, familias e outros servizos da contorna como o Concello.

Recursos materiais principais: a tecnoloxía audiovisual, Internet como fonte de investigación e información, a biblioteca do centro como centro de recursos e os libros de texto da Editorial Anaya en matemáticas e en lingua galega. Tamén as presentacións dos contidos de C.Naturais e C. Sociais que elaboraremos as titoras achegando estes contidos á realidade máis próxima dos nosos alumnos.

Facer unha especial mención que durante este curso académico van utilizarse de xeito moi especial os recursos referidos ás ferramentas dixitais:

-ABALAR MÓBIL como principal medio de comunicación entre familia e escola (principal vía de comunicación coas titoras).

-AULA VIRTUAL: onde aparecerán colgados algúns contidos que se traballarán na aula e que tamén vai ser o principal medio de traballo no caso de que se precise volver a ensinanza a distancia.

Tamén empregaremos como medio de comunicación coas familias a AXENDA ESCOLAR que deberán traer todos os días na mochila.

Á hora da selección dos materiais, tívose en conta non só a súa calidade senón tamén a adecuación das características dos mesmos aos aspectos curriculares do contexto educativo, é dicir, cos obxectivos educativos, cos contidos que se van a tratar, coas características do alumnado e do contexto e coas posibles estratexias didácticas deseñadas.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.

Un instrumento de avaliación é o obxecto, medio ou material utilizado para aplicar unha técnica e recoller de forma sistemática a información que se obtén desta. Así mesmo son o conxunto de ferramentas e prácticas deseñadas para que os mestres poidan obter información precisa sobre a calidade da aprendizaxe dos seus estudantes. Tamén se empregan para facilitar o diálogo entre os estudantes e o profesor referente ao proceso de aprendizaxe e como melloralo.

Á hora de selecciónalos teremos en conta:

- ✓ Que aprendizaxe deben desenvolver os estudantes?
- ✓ De que xeito o instrumento permitirá apoiar o proceso de aprendizaxe unha vez que é aplicado
- ✓ Que técnica ou instrumento permitirán recoñecer mellor o logro da devandita aprendizaxe?

Algunha das técnicas ou instrumentos de avaliación que empregaremos dependendo das tarefas serán:

- Observación das actividades realizadas polos estudantes.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesor durante a clase.
- Os portfolios: É unha colección de documentos de traballo do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzo, progresos e logros.
- Probas ou exames: Utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes.

- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado.
- Listas de control ou verificación e escalas: Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- Rexistros anecdóticos como as listas de control ou diarios de clase.
- Rúbricas. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- Os traballos e exercicios que se realizan en clase: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe
- As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, museos entre outros. Aclarado no punto anterior como tarefas escolares.

Así mesmo tamén se fará un proceso de autoavaliación da práctica docente en cada tarefa realizada que nos permita cambiar mellorar na planificación de actividades co fin de que sirva de feedback para o deseño de outras novas. Esta autoavaliación será conxunta entre as titoras pois procuraremos, na medida do posible, desenvolver de forma coordinada as mesmas tarefas dentro das dúas aulas.

Entendemos que a avaliación será continúa polo tanto a nota ordinaria que aparecerá reflectida ao finalizar o curso coincidirá coa nota de cada área (impartidas polas titoras) do 3º trimestre.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE						
	0	1	2	3	4	5
Parto dos coñecementos previos do alumnado.						
Explico con claridade indicando claramente como debe traballar o alumnado.						
Preocúpome por saber se o alumnado entendeu o que se explica.						
Resolvo as dúbidas do meu alumnado adaptándome ás súas necesidades.						

Corrijo ao alumnado cando actúa dun xeito incorrecto.						
---	--	--	--	--	--	--

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, NO SEU CASO.

O centro conta cun modelo de PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO (ver anexo).

No expediente do alumno figurará o seu PLAN correspondente.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma.

Cómpre levala a cabo durante o mes de setembro.

Consistirá nunha pequena proba escrita nas diferentes áreas e tamén a observación directa do alumnado na adquisición dos contidos traballados o curso anterior.

A nivel de aula , algunhas das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son: establecer reforzos e apoios para aqueles alumnos/as que amosen dificultades de aprendizaxe. Tamén estableceremos a organización da aula atendendo os diferentes

ritmos de aprendizaxe. Unha vez analizados os resultados da avaliación inicial, levaremos a cabo reunións co Departamento de Orientación e coas familias para establecer unha liña de traballo conxunta naqueles caso no que sea preciso.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos máis aló de se presentan ou non necesidades específicas de apoio educativo.

Algún dos principios inspiradores LOMCE son a equidade e a igualdade de oportunidades e estes son o eixe principal da programación. Enténdese equidade como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e enténdese a igualdade de oportunidades como a flexibilidade destas actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

Así, en colaboración co DO e tendo en conta sempre a eficiencia dos recursos e as súas propostas, deseñaranse diferentes tipos de apoio dependendo das actividades que se van a realizar e dos nenos e nenas que se beneficien deles nese momento.

A LOMCE nos di que “unha sociedade máis aberta, global e participativa demanda novos perfís de cidadáns e traballadores, máis sofisticados e diversificados de igual maneira que esixe maneiras alternativas de xestión e organización onde primen a colaboración e o traballo en equipo”. Por isto decidimos recoller aquí e poñer en práctica as propostas de organización dos apoios que Teresa Huguet fai no seu libro “Aprender juntos en el aula. Una propuesta inclusiva” da Editorial Graó:

- O mestre de apoio está dentro da aula ordinaria apoiando a un so neno. Isto require de pouca coordinación e produce certa dependencia do coidador polo que se farán estes apoios so de forma puntual.
- Axudar a un alumno aumentando progresivamente a distancia. Este tipo de apoio suple as carencias do apoio anterior e será o fin último, que os alumnos acaden a autonomía.
- O mestre de apoio conduce a actividade e o mestre titor fai o apoio (permite ao titor acercarse máis aos seus alumnos e ver onde poden necesitar máis axuda)
- O mestre de apoio prepara o material para traballar na aula. Este tipo de situacións darase cando se necesite adaptar as actividades.

Todas estas maneiras flexibles de organizar a aula entre dous mestres, sendo un deles mestre de apoio (véxase mestre con dispoñibilidade horaria, PT ou AL), seguen o principio de inclusión educativa enunciado na LOE e ratificado na LOMCE.

A concepción da escola como unha escola inclusiva supera a visión do apoio como algo centralizado e inclúe a intervención no propio contexto ordinario, en colaboración con todo o persoal da escola e comunidade e cos propios compañeiros e compañeiras. Tendo en conta isto os apoios serán, dentro da aula ordinaria, como norma xeral, e fora nos casos onde se consideren necesarios.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

A primeira alusión se fai na LOMCE aos elementos transversais do currículo está no preámbulo onde se di, seguindo a Recomendación (2002) 12 do Comité de Ministros do Consello de Europa aos Estados membros sobre a Educación para a Cidadanía Democrática, que é esencial unha educación que promova a unha sociedade libre, tolerante e xusta, que contribúa a defender os valores e principios da liberdade, o pluralismo e os dereitos humanos.

Todos estes valores traballaranse diariamente na aula co respecto e valor ás opinións dos demais, propoñendo formas de organización democráticas e cooperativas onde contén todos e todas e se cheguen a acordos. De forma expresa traballaranse os dereitos humanos dende diferentes áreas e tamén aproveitando as conmemoracións que propón a Consellería de Educación de obrigada celebración.

Tamén no preámbulo se fala da posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a igualdade e a xustiza que axuden a superar calquera tipo de discriminación. A nivel práctico esta non discriminación e xustiza social queda establecido xa no apartado de medidas de atención á diversidade.

A actitude crítica e responsable e a participación na vida económica, social e cultural manifestarase nas actividades complementarias e extraescolares e en todas aquelas actividades que se propoñan dende organismos e institucións externas ao colexio e que se vexan relevantes para a práctica educativa: concursos, invitacións a eventos e a outros espectáculos culturais....

Tratarase de inculcar o espírito crítico a través da selección da información que aparece nos medios e nos diferentes textos ensinándolles diferentes teorías sobre un mesmo acontecemento e incluíndo o razoamento lóxico e outras actividades como o debate ou braingstorming.

Será de especial importancia nestas idades o traballo para a resolución pacífica de conflitos, que se traballará na titoría. Daránselles neste sentidos estratexias para solucionarlos como botar a sortes, prestarse as cousas, irse, turnarse.... Utilizaranse tamén

estratexias de mediación servindo como modelos e darase dentro da aula posibilidades para a expresión e posta en común para aportar ideas de solución. Nese sentido os grupos cooperativos e o labor dos coordinadores ten unha especial importancia á hora de intentar buscar alternativas. Estarase pendiente dos posibles problemas de acoso creando na aula un clima de confianza idóneo para que se comuniquen as posibles incidencias así como relación continua coas familias.

Promoveráanse dende as diferentes áreas do currículo a educación ambiental, a educación viaria, o consumo responsable, a conciencia ecolóxica e todas aquelas actividades que contribúan ao desenvolvemento da competencia moral e cívica. De maneira máis directa estes valores tamén se traballarán dende a área de Valores Cívicos.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

A través das diferentes actividades complementarias e extraescolares procuraremos completar os coñecementos e contidos teóricos das diferentes áreas, fomentar o interese do alumnado no patrimonio cultural da súa contorna, valorar positivamente o medio natural e contribuír activamente á súa conservación e mellorar a convivencia de todo o alumnado tanto a nivel de aula como de centro. Así conmemoraremos datas especiais como o magosto ou o Entroido, entre outras.

Este curso escolar os diferentes equipos do centro (TICs, biblioteca, EACE e EDLG) levarán a cabo a organización de actividades para as datas de obrigada conmemoración e nas que as titoras de 2º participaremos activamente.

Dependendo da evolución da pandemia na que nos atopamos, e atendendo en todo momento as normas establecidas polo Equipo Covid do noso centro, poderemos levar a cabo algunha saída didáctica ao longo do curso.

Conmemoraremos os días que aparecen na orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN						
	0	1	2	3	4	5
Contribúe ao desenvolvemento das Competencias clave.						
A concreción dos obxectivos é a correcta.						
A concreción para cada estándar é a axeitada.						
A metodoloxía empregada adáptase á diversidade presente na aula.						
Os materiais e recursos son individualizados e variados.						
Os criterios de avaliación e cualificación son concretos.						
O plan de reforzo e recuperación , de ser o caso, está ben realizado.						
As MAD contempladas son as necesarias.						
Abórdanse os elementos transversais.						

Figuran actividades complementarias concretas e adaptadas, de ser o caso.						
Ten presente os plans de centro á hora de levarse a cabo.						

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CENTRO.

Colaboraremos e participaremos na elaboración e actualización dos diferentes plans de centro aportando ideas.

O Proxecto Lector levarase a cabo nos 20 minutos despois do recreo.

As normas do Plan de Convivencia serán consensuadas na clase e daráselles ferramentas para a resolución pacífica de conflitos os cales se traballarán dende a titoría.

Estableceremos as normas da aula e as consecuencias do seu incumplimento. Cando sexa necesario traballaremos as emocións e o control sobre elas.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3º E.P.

ÍNDICE

Introdución

Contribución ao Desenvolvemento das Competencias Clave. Concreción que recollan os estándares que forman parte dos Perfís Competenciais.

Concreción dos Obxectivos para o curso.

Concreción para cada estándar de: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

Concrecións Metodolóxicas

Material e Recursos Didácticos a empregar.

Criterios sobre a Avaliación e a Cualificación.

Indicadores de Logro para avaliar o proceso de Ensinanza a a Práctica Docente.

Organización das Actividades de Seguimento, Recuperación e Avaliación das Materias pendentes, no seu caso.

Deseño da Avaliación Inicial e Medidas Individuais e Colectivas que se poden adoptar a consecuencia dos seus resultados.

Medidas de Atención á diversidade.

Concreción dos Elementos Transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Actividades complementarias programadas.

Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Contribución aos plans de centro.

1.- Introducción

Para a elaboración desta Programación Didáctica de 3º Educación Primaria (E.P.) atendeuse ao establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Este Decreto establece que a finalidade da E.P. é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.). E, a acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

Deste xeito, o **currículo** regula os elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas; así pois, estará integrado por:

Os obxectivos que son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe acadar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

E, os obxectivos da E.P. son:

Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas linguas.

Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

As competencias son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

E, as competencias clave son:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado; describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro acadado. E, deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

E, a metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polos mestres, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos.

Todos estes elementos do currículo serán tidos en conta no desenvolvemento da Programación Didáctica para 3º de Educación Primaria

Neste curso académico 2019-20, no noso Centro, desenvolven 3º de Educación Primaria un total de 48 alumnos e alumnas.

2.- Contribución ao Desenvolvemento das Competencias Clave. Concreción que recollan os estándares que forman parte dos Perfís Competenciais.

CAA	%10	CCL	%16	CMCCT	%10	CD	%20	CSC	%10	CSIEE	%25	CCEC	%10
CNB1.1.1. BUSCA, SELECCIONA E ORGANIZA A INFORMACIÓN IMPORTANTE, OBTÉN CONCLUSIÓNS E COMUNICA O RESULTADO DE FORMA ORAL E ESCRITA DE MANEIRA ORDENADA, CLARA E LIMPA, EN DIFERENTES SOPORTES.		LCB1.5.1. COMPRENDE DE FORMA GLOBAL A INFORMACIÓN XERAL DE TEXTOS ORAIS DE USO HABITUAL, DO ÁMBITO ESCOLAR E SOCIAL, IDENTIFICA O TEMA E SELECCIONA AS IDEAS PRINCIPAIS: NOTICIAS, CONTOS, FOLLETOS INFORMATIVOS, NARRACIÓNS, TEXTOS CIENTÍFICOS, ANUNCIOS PUBLICITARIOS, RECEITAS MEDICAS....		CNB1.2.1. ESTABLECE CONXECTURAS DE SUCEOS OU PROBLEMAS DO SEU CONTORNO MEDIANTE A OBSERVACIÓN E OBTÉN UNHA INFORMACIÓN.		CSB1.1.1. BUSCA INFORMACIÓN (EMPREGANDO AS TIC E OUTRAS FONTES DIRECTAS E INDIRECTAS), SELECCIONA A RELEVANTE, A ORGANIZA, ANALIZA, OBTÉN CONCLUSIÓNS SINXELAS E AS COMUNICA ORALMENTE E/OU POR ESCRITO.		CNB1.3.1. COÑECE E APLICA ESTRATEXIAS PARA ESTUDAR E TRABALLAR DE FORMA EFICAZ INDIVIDUALMENTE E EN EQUIPO, AMOSANDO HABILIDADES PARA A RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS		CNB1.1.2. MANIFESTA CERTA AUTONOMÍA NA OBSERVACIÓN, PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DE ACCIÓNS E TAREFAS E TEN INICIATIVA NA TOMA DE DECISIÓNS.		CSB4.4.1 - IDENTIFICA, VALORA E RESPECTA O PATRIMONIO NATURAL, HISTÓRICO, CULTURAL E ARTÍSTICO DO CONTORNO PRÓXIMO E ASUME AS RESPONSABILIDADES QUE SUPÓN A SÚA CONSERVACIÓN E MELLORA	
CSB1.2.1. PARTICIPA EN ACTIVIDADES INDIVIDUAIS E DE GRUPO E, EMPREGA ESTRATEXIAS DE TRABALLO COOPERATIVO ADOITANDO UN COMPORTAMENTO RESPONSABLE, CONSTRUTIVO E SOLIDARIO E RESPECTA OS PRINCIPIOS BÁSICOS DO FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO.		LCB3.1.1. ESCRIBE, CON AXUDA E EN DIFERENTES SOPORTES, TEXTOS SINXELOS PROPIOS DA VIDA COTIÁ, DO ÁMBITO ESCOLAR E SOCIAL, UTILIZANDO ELEMENTOS DE COHESIÓN BÁSICOS: NOTICIAS, CONTOS, FOLLETOS INFORMATIVOS, NARRACIÓNS, TEXTOS CIENTÍFICOS, ANUNCIOS PUBLICITARIOS, RECEITAS, INSTRUCCIÓNS, NORMAS....		CNB5.2.2. APLICA OS COÑECEMENTOS AO DESEÑO E CONSTRUCCIÓN D'ALGÚN OBXECTO OU APARELLO SINXELO, EMPREGANDO OPERACIÓNS MATEMÁTICAS NO CÁLCULO PREVIO, ASÍ COMO AS TECNOLÓXICAS: UNIR, CORTAR, PEGAR...		LCB1.6.1. UTILIZA DE XEITO GUIADO OS MEDIOS AUDIOVISUAIS E DIXITAIS PARA OBTENIR INFORMACIÓN.		CNB4.1.2 - EMPREGA ACTITUDES RESPONSABLES DE AFORRO ENERXÉTICO E DE RECOLLIDA DE RESIDUOS NA ESCOLA		LCB1.3.1 PARTICIPA ACTIVAMENTE E CON COHERENCIA BÁSICA EN DIVERSAS SITUACIÓNS DE COMUNICACIÓN: DIÁLOGOS EXPOSICIÓNS ORAIS SEGUINDO UN MODELO, E GUIADAS, CON AXUDA, CANDO CUMPRE, DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.		LCB5.6.1 - REALIZA DRAMATIZACIÓNS INDIVIDUALMENTE E EN GRUPO DE TEXTOS LITERARIOS BREVES E SINXELOS, AXEITADOS Á SÚA AIDADA.	
MTB1.1.2. REFLEXIONA SOBRE O		LGB1.3.3. ELABORA E PRODUCE TEXTOS		MTB1.1.1. ANALIZA E COMPRENDE		LCB3.6.1 USA CON AXUDA AS		CSB2.15.3 PROPÓN		LCB1.9.1 EMPREGA DE XEITO EFECTIVO		LGB2.9.1 - AMOSA INTERESE POLA LECTURA COMO	

<p>PROCESO DE RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: REVISAS AS OPERACIÓNS UTILIZADAS, AS UNIDADES DOS RESULTADOS, COMPROBA E INTERPRETA AS SOLUCIÓNS NO CONTEXTO DA SITUACIÓN, BUSCA OUTRAS FORMAS DE RESOLUCIÓN ETC.</p>	<p>Orais sinxeiros (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.</p>	<p>O enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada)</p>	<p>Tecnoloxías da información e a comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información</p>	<p>Algúns medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.</p>	<p>A linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</p>	<p>Fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer</p>
<p>MTB1.2.1. PLANIFICAO DO PROCESO DE TRABAJO CON PREGUNTAS APROPIADAS: QUE QUERO DESCUBRIR?, QUE TEÑO?, QUE BUSCO?, COMO O PODO FACER?, NON ME EQUIVOQUEI AO FACELO?, A SOLUCIÓN É IDÓNEA?</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxeiros procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p>	<p>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000</p>	<p>LGB3.2.1 elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartase, correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións</p>	<p>LCB1.1.2. aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais</p>	<p>EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.</p>	<p>LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.</p>
<p>LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.</p>	<p>LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p>	<p>MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. lonxitude, capacidade, masa ou peso.</p>	<p>EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.</p>	<p>LGB1.5.3 - Utiliza a linguaxe oral en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p>		<p>LGB5.6.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal</p>
<p>LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis</p>	<p>MTB3.4.1. Resolva problemas da vida real</p>		<p>LGB1.5.6 participa na conversa</p>		<p>EPB1.1.2 - Describe as características dos feitos artísticos e as</p>

PREVIOS PARA COMPRENDER UN TEXTO.	RELEVANTE EN INTERACCIÓNS VERBAIS, CON ESTRUTURAS SIMPLESE LÉXICO DE USO COTIÁ.	UTILIZANDO AS MEDIDAS TEMPORAIS E AS SÚASRELACIÓNS	FORMULANDO E CONTESTANDO PREGUNTAS	SENSACIÓNS QUE AS OBRAS PROVOCAN. E EXPRESA AS SÚAS APRECIACIÓNS PERSOAIS CUN CRITERIO ARTÍSTICO.
LGB2.7.2. VALORA AS BIBLIOTECAS DE AULA E DE CENTRO COMO INSTRUMENTO COTIÁN DE BUSCA DE INFORMACIÓN E FONTE DE RECURSOS TEXTUAIS DIVERSOS.	PLEB3.2. COMPRENDEA IDEA PRINCIPAL DUNHA HISTORIA SINXELA ACOMPAÑADA DE APOIO VISUAL REDUNDANTE E IDENTIFICA OS E AS PERSONAXES PRINCIPAIS.	MTB3.5.1.COÑECE A FUNCIÓN, O VALOR E AS EQUIVALENCIAS ENTRE AS DIFERENTES MOEDAS E BILLETES DO SISTEMA MONETARIO DA UNIÓN EUROPEA UTILIZÁNDOAS TANTO PARA RESOLVER PROBLEMAS EN SITUACIÓN REAIS COMO FIGURADAS.	LGB1.10.1 - USA, DE FORMA XERAL, UNHALINGUAXE NON SEXISTA.	EPB1.4.3 AMOSA INTERESE POR COÑECER FORMAS DE EXPRESIÓN DE AUTORES/ASE A SÚA OBRA, EMPREGANDOAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
EMB2.1.4. TOMA CONCIENCIA DOS ERROS COMETIDOS E AMOSA INTERESE PORMELLORAR.		MTB5.1.3. INTERPRETA GRÁFICAS DE TÁBOAS EXTRAENDO A INFORMACIÓN EXPLÍCITA.	EPB2.2.1 COIDA E UTILIZA ADECUADAMENTE OS RECURSOS DE TRABAJO.	EPB2.1.3 - MANEXA MATERIAL DIVERSO NASPRODUCIÓNS PLÁSTICAS, EXPLORANDO DIVERSAS TÉCNICAS E ACTIVIDADES MANIPULATIVAS.
EFB5.2.3.PERCIBE DIFERENTES NIVEIS DE INTENSIDADE E ESFORZO NA ESTRUTURA DA CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA.		LGB2.2.1. INTERPRETA E COMPRENDE, DE MANEIRA XERAL,A INFORMACIÓNE SINXELOS GRÁFICOS E ILUSTRACIÓNS, RELACIONANDO ESTA COCONTIDO	EMB2.2.2. AMOSA RESPECTO E RESPONSABILIDA DE NO TRABAJO INDIVIDUAL E COLECTIVO.	EMB2.1.3. INTERPRETA PEZAS VOCAIS E INSTRUMENTAIS SINXELAS CON DISTINTOS AGRUPAMENTOS CON E SEN ACOMPAÑAMENTO

				DO TEXTO QUE A ACOMPAÑA.							
PLEB3.4. EMPREGA ALGUNHAS ESTRATEXIAS BÁSICAS PARA A COMPRESIÓN LECTORA.				EPB 2.1.10.CREA IMAXES TRIDIMENSIONAIS CO RECORTE E O PEGADO.			EFB2.1.1. RESPECTA A DIVERSIDADE DE REALIDADES CORPORAIS E DE NIVEIS DE COMPETENCIA MOTRIZ ENTRE OS NENOS E NENAS DA CLASE.				EMB3.2.2. IDENTIFICA, REPRODUCE E GOZA INTERPRETANDO DANZAS TRADICIONAIS GALEGAS E DOUTRAS CULTURAS.

3.- Concreción dos Obxectivos para o curso.

Os establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

4.-Concreción para cada estándar de: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (apartado 7)	CC	%
1º	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas.		CAA CMCCT CSIEE	10%

1º	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Amosa hábito de traballo, esforzo e responsabilidade, tanto individualmente como en equipo, intentando resolver os conflitos de forma pacífica.		CAA CMCT CSC CSIEE	10%
1º	CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	Observa sucesos ou problemas da súa contorna e obtén unha información.		CAA CMCCT CSIEE	10%
1º	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Amosa hábito de traballo, esforzo e responsabilidade, tanto individualmente como en equipo, intentando resolver os conflitos de forma pacífica.		CAA CMCT CSC CSIEE	10%
1º	CNB3.1.1. Observa, identifica e reconece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	Clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico, atendendo a características observables.		CMCCT CSIEE	12%
1º	CNB3.1.2. Observa, identifica e reconece as características das plantas	Clasifica vexetais do seu contorno (herbas, arbustos e árbores), con		CMCCT	12%

	do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.	criterio científico, atendendo a características observables.		CCL CSIEE	
1º	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.	Utiliza de xeito guiado claves e guías para a clasificación de animais e plantas.		CMCCT CAA	12%
1º	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo.		CMCCT	12%
1º	CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	Rexistra os resultados da observación do ciclo vital dun ser vivo previamente planificado.		CMCCT CCL CSIEE CD	12%
2º	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	Busca e selecciona información importante.		CAA CCL CMCCT CSIEE CD	10%

2º	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas.		CAA CMCCT CSIEE	10%
2º	CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	Observa sucesos ou problemas da súa contorna e obtén unha información.		CAA CMCCT CSIEE	10%
2º	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Amosa hábito de traballo, esforzo e responsabilidade, tanto individualmente como en equipo, intentando resolver os conflitos de forma pacífica.		CAA CMCT CSC CSIEE	10%
2º	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global		CMCCT	10%
2º	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	Coñece os principais órganos vitais.		CMCCT	10%

2º	CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	Emprega habitualmentehábitos saudables na escola.		CMCCT CSC	10%
2º	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais.		CMCCT	10%
2º	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	Clasifica algún alimentos en función dos nutrientes principais.		CMCCT	10%
2º	CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.	Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada.		CMCCT CSC CSIEE	10%
3º	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	Busca e selecciona información importante.		CAA CCL CMCCT CSIEE CD	10%

3º	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas.		CAA CMCCT CSIEE	10%
3º	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Amosa hábito de traballo, esforzo e responsabilidade, tanto individualmente como en equipo, intentando resolver os conflitos de forma pacífica.		CAA CMCT CSC CSIEE	10%
3º	CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.	Recoñece os usos dalgunhas fontes de enerxía na vida cotiá.		CMCCT CSC	10%
3º	CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.	Esfórzase por amosar actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.		CMCCT CSC	5%
3º	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.	Recoñece os distintos estados da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.		CMCCT CCL	5%

3º	CNB4.2.2. Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.	Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.		CMCCT	5%
3º	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.	Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.		CMCCT	5%
3º	CNB4.3.2. Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.	Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e extrae algunhas conclusión respecto da súa densidade.		CMCCT	5%
3º	CNB5.1.1.Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.	Observa o funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola.		CMCCT	5%
3º	CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.	Identifica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.		CMCCT CCL CSC	10%
3º	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das		CMCCT CCL CSC	10%

		máquinas que empregan, superando estereotipos sexistas.			
3º	CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	Amosa interese por aportar ideas no deseño dalgún obxecto ou aparello sinxelo.		CMCCT CCEC CD	10%

TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (Apartado 7)	CC	%
1º	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Participa en actividades individuais e de grupo e se esforza por ter un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.		CSC CAA CMCCT	8%

1º	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.		CCL CMCCT CSC	4%
1º	CSB2.1.1. Identifica e localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	Identifica os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas, empregando as TIC.		CMCCT CD	7%
1º	CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	Identifica os dous movementos terrestres.		CMCCT CCL	4%
1º	CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	Recoñece como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano, como consecuencia dos movementos terrestres.		CMCCT CCL	7%
1º	CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.	Identifica a Lúa como satélite da Terra.		CMCCT CCL	5%

1º	CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	Identifica e nomea as capas da Terra.		CMCCT CCL	4%
1º	CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.	Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción.		CMCCT CCL CAA	4%
1º	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.		CMCCT CCL	7%
1º	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.	Diferencia entre mapa e planisferio e interpreta os signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer neles.		CMCCT CAA	6%
1º	CSB2.6.1. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.	Orientase con axuda no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.		CMCCT CAA	8%
1º	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que	Identifica e nomea os fenómenos atmosféricos máis frecuentes na súa contorna.		CMCCT CCL	6%

	producen a formación das nubes e as precipitacións.				
1º	CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.	Identifica e sabe usar algún dos distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.		CMCCT CD CAA	8%
1º	CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.	Recoñece a función dunha estación meteorolóxica e fai pequenas observacións de fenómenos atmosféricos.		CSIEE CAA CMCCT	5%
1º	CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.	Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia.		CMCCT CAA	7%
1º	CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico.	Diferencia entre clima e tempo atmosférico.		CMCCT	6%
1º	CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.	Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e compara as súas características co clima da súa contorna.		CMCCT CCL	4%

2º	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas) e selecciona a relevante.		CAA CCL CD CMCCT	12%
2º	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Manifesta certa autonomía na planificación de accións e tarefas.		CSIEE CAA CMCCT	15%
2º	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Participa en actividades individuais e de grupo e se esforza por ter un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.		CSC CAA CMCCT	10%
2º	CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.		CCL CMCCT	5%

				CSC	
2º	CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico.		CMCCT CAA	8%
2º	CSB4.1.2.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	Localiza e ordena feitos históricos relevantes en Galicia e na súa contorna.		CMCCT CAA	8%
2º	CSB4.2.1. Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.	Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia.		CMCCT CCEC	8%
2º	CSB4.2.2.Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.	Distingue entre prehistoria e historia, entendendo a importancia da escritura nese tempo.		CSC CCEC	8%

2º	CSB4.2.3.Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	Recoñece algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.		CSC CCL	8%
2º	CSB4.3.1. Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.		CSC CCEC	9%
2º	CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.		CSC CCEC	9%
3º	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas) e selecciona a relevante.		CAA CCL CD CMCCT	10%
3º	CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten	Manifesta certa autonomía na planificación de accións e tarefas.		CSIEE CAA	10%

	iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.			CMCCT	
3º	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Participa en actividades individuais e de grupo e se esforza por ter un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.		CSC CAA CMCCT	10%
3º	CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.		CCL CMCCT CSC	5%
3º	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	Identifica as fases nas que se produce o ciclo da auga.		CMCCT CAA	6%
3º	CSB2.13.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na C.A.	Recoñece os diferentes tipos de paisaxe na comunidade autónoma.		CMCCT CCL	5%
3º	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da C.A.	Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da C.A.		CMCCT CAA	7%

3º	CSB2.15.1.Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.		CSC CCL	8%
3º	CSB2.15.2.Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.	Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.		CSC CCL	8%
3º	CSB2.15.3.Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.		CSC CCL	8%
3º	CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	Interpreta un mapa conceptual da organización social, política e territorial da contorna próxima.		CSC CCL	5%
3º	CSB3.2.1.Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	Recoñece e valora as distintas manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia.		CSC CEC	5%
3º	CSB3.3.1.Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.	Interpreta gráficas demográficas sinxelas.		CSC CMCCT CCL	3%

3º	CSB3.4.1.Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.		CMCCT CCL	3%
3º	CSB3.5.1.Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.	Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.		CSC	7%

TRIMES TRE	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (apartado 7)	CC	%
1º	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).	Planifica con axuda o proceso de resolución de problemas.		CCL CMCT CAA	15%
1º	MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de	Iníciase na utilización da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas.		CMCT CD CAA	5%

	cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.				
1º	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10 000.	Le, escribe e ordena números ata o 10 000.		CMCT CCL	10%
1º	MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.	Entende as equivalencias entre os números no sistemación decimal.		CMCT	10%
1º	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	Realiza series ascendentes.		CMCT	10%
1º	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10 000.	Interpreta con axuda en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10 000.		CMCT CAA CCL	10%
1º	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras, con axuda.		CMCT CAA	10%
1º	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	Memoriza algunhas táboas de multiplicar.		CMCT	10%

1º	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza con axuda cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.		CMCT CAA	10%
1º	MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	Amosa interés por resolver problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.		CMCT	10%
2º	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).	Planifica con axuda o proceso de resolución de problemas.		CCL CMCT CAA	7.5%
2º	MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	Planifica con axuda o proceso de traballo de resolución de problemas.		CMCT CAA CSIEE	7.5%
2º	MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de	Iníciase na utilización da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas.		CMCT CD CAA	6.5%

	cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.				
2º	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	Memoriza algunhas táboas de multiplicar.		CMCT	6.5%
2º	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza con axuda cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.		CMCT CAA	6.5%
2º	MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	Amosa interés por resolver problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.		CMCT	6.5%
2º	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.	Realiza con axuda cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.		CMCT CAA	6.5%
2º	MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.	Identifica os termos propios da multiplicación e da división.		CMCT	6.5%

2º	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.	Resolve con axuda problemas da vida cotiá que impliquen o dominio dos contidos traballados.		CMCT CAA	6.5%
2º	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Revisa as operacións empregadas e as unidades dos resultados, na resolución de problemas.		CMCT CAA CSIEE	6.5%
2º	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.		CMCT CAA CSC	6.5%
2º	MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.	Calcula múltiplos do euro.		CMCT	6.5%
2º	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno,	Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.		CMCT CAA	7%

	utilizándoos para construír táboas ou gráficas.				
2º	MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.	Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.		CMCT CAA	6.5%
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. 	Entende o que implica ser solidario.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	10
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais. 	Coñece as habilidades sociais axeitadas para a súa idade.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	10

3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. 	Participa en actividades grupais	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	10
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. 	É consciente de que todos somos diferentes.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	5
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas. 	Recoñece calidades noutras persoas.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	4
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia. 	Coñece os dereitos básicos da infancia.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	4
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda. 	É consciente de que todos podemos necesitar axuda en algún momento.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	4
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.5.3. Razo a consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas. 	Coñece o significado dos termos explotación infantil e entende as consecuencias negativas da mesma	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	4
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes. 	Coñece que todos temos dereitos, pero tamén deberes.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	2

3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia. 	Cofece os dereitos básicos da infancia.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL 	2
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo. 	É consciente de que, tanto homes como mulleres, debemos colaborar nas tarefas do fogar e da escola.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL CD CMCT CSIEE 	8
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. 	É consciente da igualdade de dereitos entre homes e mulleres.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	4
3º	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación. 	É consciente de que, tanto os homes como as mulleres, debemos axudar na casa e coidar a familia.	Ver apartado 7	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL CCEC 	8

3º	▪ VSCB3.8.1. Amona interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.	É consciente da importancia de coidar o medioambiente.	Ver apartado 7	▪ CSC	4
3º	▪ VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais.	É consciente da importancia de coidar o medioambiente.	Ver apartado 7	▪ CSC ▪ CCL	8
3º	▪ VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.	É consciente de facer un uso axeitado dos bens naturais.	Ver apartado 7	▪ CSC ▪ CSIEE	8

5. METODOLOXÍA.

Os principios metodolóxicos que segue esta programación son:

- A motivación do alumnado. Procuraremos que o alumnado adopte un papel activo e aprendan porque queren aprender (actitude favorable).
- As asembleas cobrarán un papel importante tanto para presentar materias, como para afondar en inquietudes, presentar ideas... É dicir, como un espazo aberto de participación na aula e resolución de conflitos.
- Selección e secuenciación de contidos e competencias, agrupados por temas, áreas e integrados en tarefas.
- A aprendizaxe significativa e experiencial.
- O ensino será activo, manipulativo, fomentará a autonomía e estará centrado no alumnado. As primeiras horas utilizaranse para actividades de tipo máis académico e tradicional (actividades nos libros de texto), as horas de despois do recreo serán

utilizadas para outros tipos de aprendizaxes, proxectos, tarefas, recantos preparados con materiais manipulativos individuais... Esta organización será flexible.

- O progreso e o reforzo das aprendizaxes. Os estándares están secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de acompañar de xeito adecuado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos.
- A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos/as. Para isto contaremos cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos organizados en recantos para favorecer a súa localización, orde e autonomía.
- Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma. Co obxectivo de dotar ao alumno/a dos coñecementos e as competencias necesarias para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma, traballaranse diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.
- Aprendizaxe cooperativa e colaborativa. Usaranse diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa sobre todo no referente ás tarefas integradas e ao traballo por proxectos. Tamén se utilizará o traballo colaborativo. Formaranse equipos estables de aprendizaxe onde cada alumno e alumna terá o seu rol e utilizaranse diarios de aprendizaxe para diferentes tarefas. Os equipos serán heteroxéneos e seguirase a senda da aprendizaxe entre iguais e a corresponsabilidade. Se non fora posible facelo de modo presencial usaremos as novas tecnoloxías para tal fin.
- Traballo con tipoloxías textuais. Somos partidarias da idea de que aprender lingua é aprender teoría gramatical e regras abstractas. A Educación Primaria debe ensinar a utilizar a lingua, manipulala, creala e recreala. Os textos seleccionados para traballar tratarán sobre temas que motiven aos alumnos e alumnas; serán de uso social, variados e de calidade. Seguiremos para o seu traballo o esquema de planificación de Myriam Nemerovsky e unha perspectiva da aprendizaxe da lingua escrita de tipo construtivista.

- Tarefas integradas. Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais serán traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas, que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade , onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

Seguiremos o seguinte deseño para a elaboración destas tarefas.

COMPETENCIAS:	PREGUNTA INICIAL:	RECURSOS:
ESTÁNDARES AVALIADOS:	PRODUTO FINAL:	AGRUPAMENTOS:
AVALIACIÓN:	ACTIVIDADES:	TEMPORALIZACIÓN:

- Traballo por proxectos. A aprendizaxe baseada en proxectos consiste nun modelo de ensinanza no que os propios alumnos/as, coa mestra como guía, son protagonistas das súas aprendizaxes. Traballar por proxectos é unha estratexia metodolóxica globalizadora que parte da necesidade e interese do alumnado e as necesidades educativas e baséase no

tratamento da información de xeito conxunto. Calquera situación, problema, necesidade... xera ou pode xerar un proxecto. Trátase de comprender, valorar, enxuizar a realidade, e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque global. Neste sentido, seguiremos a proposta do Equipo da Biblioteca Escolar para desenvolver o PDI (Proxecto Documental Integrado), que este curso estará baseado no xogo e na mellora do patio escolar aproveitando para mellorar a convivencia.

Seguirase o seguinte esquema didáctico para desenvolvelo¹: Que nos interesa...? Que sabemos xa sobre...? Que queremos saber/facer sobre...? Que información precisamos? Onde buscamos a información? Como nos organizamos? Avaliamos o proceso/resultado.

- Reforzo positivo. Usaranse os eloxios e a despenalización do erro.
- Estratexias de mediación, baseadas na Disciplina Positiva e outras metodoloxías afíns. Aprender a solucionar os conflitos de forma pacífica e a dar estratexias, tanto se o problema é dun mesmo/a como se se trata dunha intervención dun problema no que non estamos inmersos.
- Uso das TIC. Cobrará unha especial importancia este curso, dadas as circunstancias. Usarémolas como medio e non como fin.
- Intelixencias múltiples. Seguiremos para planificar as actividades a teoría de Gardner para acadar aprendizaxes máis completas a partir de diferentes canles. Especial atención terá a Intelixencia emocional, tanto intra como interpersoal, como base para as relacións sociais e o coñecemento dun mesmo/a.
- Levaranse a cabo propostas relacionadas co método Montessori, Reggio Emilia e autores como Javier Abad (instalacións artísticas) tendo en conta a experimentación, a arte e a estética.

6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.

¹ Baseado no libro de Arias Correa, Azucena e Rial Fernández, M^a Dolores: “Traballar por proxectos nas aulas de Infantil e Primaria” ED. Xerais.

En canto aos **recursos**, estes serán tanto de tipo persoal como material e internos ou externos ao centro, se fora necesario.

Recursos persoais:

- Persoa docente titora.
- Persoas docentes especialistas.
- Departamento de Orientación.
- Alumnado e familias.
- Externos ao centro, se fose preciso.

Á hora da selección dos **materiais**, terase en conta non só a súa calidade, senón tamén a adecuación das características dos mesmos cos aspectos curriculares do contexto educativo, é dicir, cos obxectivos educativos, cos contidos que se van a tratar, coas características do alumnado e do contexto e coas posibles estratexias didácticas deseñadas. Procurarase que sexan de material natural ou reciclado. Contaremos con aqueles recursos que ao longo dos diferentes proxectos poidamos ir necesitando. Aínda así, serán recursos principais:

- A Aula virtual.
- O blog e Instangram.
- Correo electrónico.
- Servizo corporativo de videoconferencias e Abalar Móbil, para a comunicación coas familias.
- Os libros de Naturais, Sociais e Matemáticas da Editorial Santillana.
- A tecnoloxía audiovisual.
- O uso de Internet como fonte de investigación e información.
- A utilización da biblioteca escolar como centro de recursos.
- Traballo por recantos organizados, individuais e seguros.

. Todos aqueles recursos materiais que axuden aos alumnos e alumnas a mellorar no proceso de ensino aprendizaxe e que sexan susceptibles de ser utilizados: a contorna, as instalacións do centro, a biblioteca municipal... Calquera espazo do centro é un espazo de aprendizaxe; non nos limitaremos só a aula ordinaria.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O ENSINO SEMIPRESENCIAL OU ONLINE no presente curso escolar, se fose o caso:

No caso de que se vise interrompida a actividade lectiva presencial pola aparición dun abrocho, tomaranse as medidas oportunas establecidas no Plan de Continxencia do centro para tal fin. Seguirase a docencia a través da Aula Virtual do centro e Videoconferencias a través da canle establecida pola administración. Como sistema de contacto coas familias, empregaremos Abalar Móbil.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.

Avaliación inicial. A avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro. Será realizada a través da observación e de diferentes actividades de E/A que permitan observar e comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado. As actividades poderán ser tanto escritas, como manipulativas ou orais. Dita avaliación inicial permitirá deseñar a programación de aula, partir do nivel do alumnado e adaptar o proceso ás necesidades individuais de cada alumno/a. Os aspectos relevantes serán rexistrados por escrito e informarase ás familias, se fose o caso.

Avaliación continua. A avaliación continua será inherente á propia práctica docente. As propias actividades de E/A permitiranos ir regulando o proceso, xestionando erros e afianzando éxitos. Nas programacións de aula, será onde concretemos os instrumentos de avaliación a empregar.

Avaliación final. A avaliación final ou sumativa virá dada polo perfil de área (estándares ponderados-criterios de cualificación) e de competencia.

Un **instrumento de avaliación** (CON QUE AVALIAMOS?) é o obxecto, medio ou material utilizado para aplicar unha **técnica** (COMO AVALIAMOS?) e recoller de forma sistemática a información que se obtén desta. Así mesmo son o conxunto de ferramentas e prácticas deseñadas para que os mestres/as poidan obter información precisa sobre a calidade da aprendizaxe dos seus estudantes. Tamén se empregan para facilitar o diálogo entre os estudantes e o profesor, referente ao proceso de aprendizaxe e como melloralo. Estableceremos un **Desempeño** (QUE AVALIAMOS?), que será a evidencia, produto ou actuación na que nos fixaremos para obter esa información e se lle pedirá ao alumnado.

Á hora de seleccionalos teremos en conta:

- ✓ Que aprendizaxe deben desenvolver os estudantes?
- ✓ De que xeito o instrumento permitirá apoiar o proceso de aprendizaxe unha vez que é aplicado?
- ✓ Que técnica ou instrumento permitirán recoñecer mellor o logro da devandita aprendizaxe?

Algunha das técnicas ou procedementos e instrumentos de avaliación que empregaremos dependendo das tarefas serán:

- Observación directa das actividades realizadas polos estudantes.
- Observación indirecta: análise de traballos.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polas mestras durante a clase.
- Rexistros.
- Listas de cotexo ou control: Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.

- Rúbricas. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia.
- Guías de observación.
- Escalas estimativas e de observación.
- Os portfolios: É unha colección de documentos de traballo do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzo, progresos e logros.
- Probas orais e/ou escritas: Utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes.
- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerárquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado.
- Avaliación do desempeño: Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como aplicar unha técnica de primeiros auxilios, escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, entre outros.
- Os traballos e exercicios que se realizan en clase: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Favoreceremos a Autoavaliación, coavaliacións e heteroavaliacións entre o alumnado.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

Así mesmo tamén se fará un proceso de autoavaliación da práctica docente en cada tarefa realizada que nos permita cambiar e mellorar na planificación de actividades co fin de que sirva de feedback para o deseño doutras novas. Esta autoavaliación será conxunta entre as titoras, pois procuraremos, na medida do posible, desenvolver de forma coordinada as mesmas tarefas dentro das tres aulas.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE						
	0	1	2	3	4	5
Parto dos coñecementos previos do alumnado.						
Explico con claridade indicando claramente como debe traballar o alumnado.						
Preocúpome por saber se o alumnado entende o que se explica.						
Resolvo as dúbidas do meu alumnado adaptándome ás súas necesidades.						
Corrijo ao alumnado cando actúa dun xeito incorrecto.						

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, NO SEU CASO (PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO).

O centro conta cun modelo de Plan de Recuperación e Reforzo (ver anexo).

No expediente do alumno figurará o seu Plan correspondente.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR A CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma. Cómpre levala a cabo durante o mes de setembro.

Consistirá na observación directa e indirecta do alumnado, probas escritas e orais, análise da expresión oral (debate)...

A nivel de aula, algunha das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son adaptar a programación en función das necesidades de todo o alumnado, facendo especial fincapé naqueles discentes máis vulnerables. Poñeremos en práctica actividades de reforzo e ampliación, recuperación de contidos e obxectivos non acadados tratando de compensar eivas na medida das posibilidades que permita a dinámica da aula/grupo.

Tamén se levarán a cabo as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias para favorecer a aprendizaxe do alumnado. (ver o apartado 11).

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define a diversidade como unha realidade social que atinxe a todos os individuos e aspectos da vida.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos máis aló de se presentan ou non necesidades específicas de apoio educativo.

Algún dos principios inspiradores LOMCE son a equidade e a igualdade de oportunidades e estes son o eixe principal da programación. Enténdese equidade como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e enténdese a igualdade de oportunidades como a flexibilidade destas actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

Así, en colaboración co DO e tendo en conta sempre a eficiencia dos recursos e as súas propostas, deseñaranse diferentes tipos de apoio dependendo das actividades que se van a realizar e dos nenos e nenas que se beneficien deles nese momento.

A LOMCE dinos que “unha sociedade máis aberta, global e participativa demanda novos perfís de cidadáns e traballadores, máis sofisticados e diversificados de igual maneira que esixe maneiras alternativas de xestión e organización onde primen a colaboración e o traballo en equipo”. Por isto decidimos recoller aquí e poñer en práctica as propostas de organización dos apoios que Teresa Huguet fai no seu libro “Aprender juntos en el aula. Una propuesta inclusiva” da Editorial Graó:

- ❑ O mestre de apoio está dentro da aula ordinaria apoiando a un so neno. Isto require de pouca coordinación e produce certa dependencia do coidador polo que se farán estes apoios so de forma puntual.
- ❑ Axudar a un alumno aumentando progresivamente a distancia. Este tipo de apoio suple as carencias do apoio anterior e será o fin último, que os alumnos acaden a autonomía.
- ❑ Agrupación temporal de alumnos dentro da aula ou na aula de apoio no momento de recantos ou na hora de ler. Con grupos heteroxéneos no que cada mestre atende a un grupo.
- ❑ Os dous mestres móvense pola aula axudando a quen o necesite.
- ❑ Traballo en grupos cooperativos que promovan a inclusión, o mestre de apoio ocúpase dun grupo e o titor/a doutros.
- ❑ Os dous mestres conducen unha actividade conxuntamente para casos de actividades, por exemplo, que necesiten de exposicións orais e debates.
- ❑ O mestre de apoio conduce a actividade e o mestre titor fai o apoio (permite ao titor acercarse máis aos seus alumnos e ver onde poden necesitar máis axuda).
- ❑ O mestre de apoio prepara o material para traballar na aula ou fóra dela. Este tipo de situación darase cando se necesite adaptar as actividades ou para acadar a inclusión e a participación dun neno/a con NEE, xa que o pequeno grupo favorece a relación cos compañeiros/as.
- ❑ Levaranse a cabo, se fose necesario, desdobramentos de grupos debidas as especiais características deste curso escolar.

Todas estas maneiras flexibles de organizar a aula entre dous mestres/as, sendo un deles mestre de apoio (véxase mestre con dispoñibilidade horaria, PT ou AL), seguen o principio de inclusión educativa enunciado na LOE e ratificado na LOMCE e terán en conta a estanquidade do grupo.

Tamén poderemos realizar unha Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación. A avaliación entenderase como un elemento regulador e potenciador da aprendizaxe. Os alumnos e alumnas con algún tipo de dificultade ou necesidade específica de apoio educativo contarán con todas aquelas adaptacións que sexan precisas e que permitan a compensación de ditas dificultades.

Outra medida será o Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. O reforzo educativo deseñarase e implementarase contando sempre co asesoramento do DO.

Para o alumnado con materias pendentes do curso anterior ou que repite, desenvolveranse os Plans Específicos de Recuperación (art. 6.5 Orde 9 xuño 2016) e os Plans Específicos de Reforzo ou Recuperación e Apoio (art.6.3 da citada Orde) respectivamente.

Igualmente no marco do mesmo decreto 229, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. No presente curso escolar, inicialmente, parece que non se precisa a aplicación destas medidas extraordinarias.

A UNESCO dinos que a educación inclusiva, máis que un tema marxinal que trata sobre como integrar a certos estudantes á ensinanza convencional, representa unha perspectiva que debe servir para analizar como transformar os sistemas educativos e outros entornos de aprendizaxe, co fin de responder á diversidade dos estudantes. O propósito da educación inclusiva é permitir

que os mestres e estudantes se sintan cómodos ante a diversidade e a perciban non como un problema, se non como un desafío e unha oportunidade para enriquecer as formas de ensinar e aprender" (UNESCO, 2005, páx. 14.)

Igualmente a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade (UN, 2006, art. 24), establece que a educación inclusiva é un dereito positivo e que, por isto, obriga ás autoridades a crear as condicións para o seu desfrute efectivo, removendo no seu caso, as circunstancias ou obstáculos que impidan o seu exercicio, pois do contrario, estaríamos ante situación de discriminación (isto inclúe os tempos e os espazos).

A concepción da escola como unha escola inclusiva supera a visión do apoio como algo centralizado e inclúe a intervención no propio contexto ordinario, en colaboración con todo o persoal da escola e comunidade e cos propios compañeiros e compañeiras. Compañeiros e mestres son un potente exemplo para os nenos e nenas e o segundo axente de socialización despois da familia. Nesta etapa o alumnado está a desenvolver a súa propia escala de valores e enfróntase a situacións que requiren poñelos en práctica. A escola ten, neste sentido, unha forte implicación a nivel social. Polo tanto, a convivencia con nenos e nenas diferentes, algúns deles con necesidade educativas, supoñen un reto para que desenvolvan ideas de axuda e cooperación, así como de solidariedade e aceptación das diferenzas. Igual sucede coas familias, ás que se lles animará a participar e a mirar as diferenzas dende unha óptica positiva de maneira que consideren que isto non supón un atranco para os seus fillos e fillas senón unha oportunidade para aprender máis aló dos contidos curriculares propiamente ditos.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A través das diferentes actividades complementarias e extraescolares procuraremos completar os coñecementos e contidos teóricos das diferentes áreas, fomentar o interese do alumnado no patrimonio cultural da súa contorna, valorar positivamente o medio natural e contribuír activamente á súa conservación e mellorar a convivencia de todo o alumnado tanto a nivel de aula como de centro. Así, conmemoraremos datas especiais como o magosto ou o Entroido ou outras que se decidan dende os diferentes equipos do centro. Estas conmemoracións faranse este ano de forma diferente pero seguirán a ser importantes no desenvolvemento do curso tal como establece o calendario escolar. Ademais, engadiranse outras relacionadas co PDI do centro impulsado pola biblioteca.

Neste curso as saídas escolares estarán supeditadas á evolución da pandemia e da situación sanitaria. Favoreceremos a actividade docente no espazo exterior. En todo caso, manteranse para ela os grupos estancos. A necesidade de contratar buses independentes para cada clase, co sobrecusto que iso significa para as familias, plantéxanos un problema engadido. As visitas de expertos/as seguen igualmente esta norma: dependen da situación sanitaria. Poderanse usar as TIC (videoconferencias para este fin).

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN						
Contribúe ao desenvolvemento das Competencias Clave.	0	1	2	3	4	5
A concreción dos obxectivos é a correcta.						
A concreción para cada estándar é a axeitada.						
A metodoloxía empregada adáptase á diversidade presente na aula.						
Os materiais e recursos son individualizados e variados.						
Os criterios de avaliación e cualificación son concretos.						
O Plan de Reforzo e Recuperación, de ser o caso, está ben realizado.						
As MAD contempladas son as necesarias.						
Abórdanse os elementos transversais.						
Figuran actividades complementarias concretas e adaptadas, de ser o caso.						
Ten presente os plans de centro á hora de levarse a cabo.						

15. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO.

Colaboraremos e participaremos na elaboración e actualización dos diferentes plans de centro aportando ideas.

Axudaremos a desenvolver o plan TIC a través do uso da Aula Virtual, o coñecemento de ferramentas e usos dixitais, a bitácora da aula e a búsqueda en internet e alfabetización mediática e informacional.

Dentro do Plan Lector levaremos a cabo a *“hora de ler”*, de forma guiada ao principio, procurando a súa autonomía. Presentaranse ao alumnado diferentes textos de calidade que pertencen aos diferentes xéneros literarios (banda deseñada, novela, conto, poesía...), pero tamén textos e libros de carácter informativo e máis teórico que lles permitan acceder á información. Traballarase con diferentes textos combinando ilustracións e farase uso tanto da biblioteca de aula como da do centro (se as circunstancias o permiten). Procuraremos organizar actividades de fomento da lectura que impliquen ás familias. Traballaremos tendo en conta o PDI do centro *“Carral Sostible: nove meses, nove causas”*

As normas do Plan de Convivencia serán consensuadas na clase e daráselles ferramentas para a resolución pacífica de conflitos. Cobrará especial importancia neste sentido cumprir as normas do centro en canto as medidas de hixiene e organización contempladas no protocolo Covid.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 5º PRIMARIA. CURSO 2021-2022.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, NO SEU CASO.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR A CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN CADA CURSO.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

15. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO.

1. INTRODUCCIÓN

A programación no contexto pedagógico enténdese como o conxunto de acción que transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas concretas que permiten acadar os obxectivos e as competencias propostas. Neste caso adaptadas á situación de COVID-19.

A continuación preséntase a programación docente para o alumnado de 5º curso de Educación Primaria do CEIP Vicente Otero Valcárcel, ubicado no concello de Carral.

O grupo está composto por 71 alumnos e alumnas distribuídos en tres aulas, 5º A formado por 24 alumnos/as , 5º B por 24 alumnos/ as e 5ºC por 23 alumnos/as.

Os profesores titores son:

- Gema María Silvaes Fonte (5ºA)
- Sergio García Liñares (5º B)
- Nicole (5ºC-Coordinadora de nivel)

Completan horario no nivel:

- Borja López Muñíos(Lingua Castelá en 5º A e 5º B)
- Nicole García Moledo (valores en 5º A e 5º B)

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

PERFIL COMPETENCIAL 5º NIVEL EP		
Lingua Castelá: Vermello	CC Sociais: Violeta	Ed Física: negro
Lingua Galega: Laranxa	CC Naturais: Verde	Ed Plástica: Rosa
Matemáticas: Azul	Lingua estranxeira: Marrón	Ed. Musical : Turquesa

PLEB5.14 COMPRENDE E USA ADECUADAMENTE O VOCABULARIO NECESARIO PARA PARTICIPAR NAS INTERACCIÓN S DE AULA OU FORA DA AULA, LER TEXTOS PRÓXIMOS Á SÚA IDADE E ESCRIBIR CON LÉXICO TRABALLADO PREVIAMENTE	PLEB1.1 COMPRENDE O SENTIDO GLOBAL E A INFORMACIÓN MÁIS IMPORTANTE DE TEXTOS ORAIS CON ESTRUTURAS COÑECIDAS E LÉXICO DE USO COTIÁ ADECUADOS Á SÚA IDADE, PROCEDENTES DE MEDIOS AUDIOVISUAIS OU INTERNET.					EPB 2.5.3 SELECCIONA E UTILIZA AS MATERIAS DE FORMA APROPIADA E RESPONSABLE, SEGUNDO AS SÚAS POSIBILIDADES PLÁSTICAS E OS RESULTADOS MARCADOS.		EMB2.1.3. INTERPRETA PEZAS VOCAIS E INSTRUMENTAIS SINXELAS CON DISTINTOS AGRUPAMENTOS, CON E SEN ACOMPANÑAMENTO
	PLEB3.1 COMPRENDE INFORMACIÓN BÁSICA ESCRITA EN NOTAS, TENDAS E MEDIOS DE TRANSPORTE RELACIONADA COS TEMAS TRABALLADOS PREVIAMENTE DE FORMA ORAL.					EFB1.1.3 MOSTRA BOA DISPOSICIÓN PARA SOLUCIONAR OS CONFLICTOS DE XEITO RAZOABLE.		EMB3.2.3. REPRODUCE E GOZA INTERPRETANDO DANZAS TRADICIONAIS GALEGAS E DOUTRAS CULTURAS.

CAA: COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

CCL: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

C.M.CC.T.: COMPE TENCIA MATEMÁTICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

CD: COMPETENCIA DIXITAL.

CSC: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS.

CSIEE: COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

CCEC: COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

NCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

Os obxectivos da EP constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Estes obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e competencias clave asociadas son os referidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CIENCIAS SOCIAIS					
TRIMESTRE	ESTÁNDARES	GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral)	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1º	CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa	CAA CCL	10%	
1º	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido	CCL CAA CMCCT CSC	5%	
1º	CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e / ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	Expón oralmente de forma clara contidos relacionados coa área.	CCL CMCCT CSC CAA	5%	
1º	CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	Manexa esquemas e resumos.	CCL CD CMCCT CSC	5%	

1º	CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	Identifica galaxia, estrela, planeta, satélite como compoñentes do universo	CMCCT CCL	7,5%	
1º	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Describe as características e compoñentes do Sistema Solar localizando o Sol como centro do mesmo.	CMCCT CCL	5%	
1º	CSB2.3.1.Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.	Define e representa o movemento de translación terrestre	CMCCT CCL CAA	7,5%	
1º	CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre.	CMCCT CCL CAA	7,5%	
1º	CSB2.3.3.Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	Define a translación da lúa.	CMCCT CCL	5%	
1º	CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas.	CMCCT CAA	5%	
1º	CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	Define clima e os seus elementos.	CMCCT CCL	5%	
1º	CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	Explica que é unha zona climática e nomea as tres zonas climáticas do planeta.	CMCCT CCL	5%	
1º	CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España e interpreta o correspondente climograma.	CMCCT CAA CCL	5%	

1º	CSB2.7.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	Coñece as diferentes paisaxes de España	CCL CSC CAA	5%	
1º	CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	CMCCT	7,5%	
1º	CSB2.8.2. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	CMCCT	5%	
1º	CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC CCL	2,5%	
1º	CSB2.9.2. Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC CAA	2,5%	
2º	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca información, organiza e comunica oralmente ou por escrito.	CAA CD CMCCT CCL	5%	
2º	CSB1.2.2. Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Adopta un comportamento responsable nos debates valorando as achegas dos demais.	CSC CAA	12,5%	
2º	CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	Explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado Español.	CSC CCL	5%	

2º	CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	Identifica as principais institucións do Estado español	CSC CCL	5%	
2º	CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	Identifica e comprende a división de poderes do Estado	CCL CSC	5%	
2º	CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	Localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas.	CCL CSC	7,5%	
2º	CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CCL	5%	
2º	CSB3.5.1. Define demograma e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.	Define demograma e poboación	CMCCT CCL CSC	2,5%	
2º	CSB3 5.2. Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Interpreta unha pirámide de poboación	CMCCT CAA	2,5%	
2º	CSB3.6.1. Describe os principais rasgos da poboación española.	Describe os principais rasgos da poboación española.	CCL CSC	2,5%	
2º	CSB3.6.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade	Explica o proceso da evolución da poboación en España	CCL CSC	2,5%	
2º	CSB3.6.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	CCL CSC	5%	

2º	CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	CSC	5%	
2º	CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.	CCL CSC	5%	
2º	CSB3.7.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento.	CCL CSC	2,5%	
2º	CSB3.8.1. Identifica e define materias primas e produto elaborado e as actividades nas que se obteñen.	Identifica e define materias primas e produto elaborado	CCL CSC	7,5%	
2º	CSB3.8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	CCL CSC CMCCT	7,5%	
2º	CSB3.9.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	CMCCT CSC	7,5%	
2º	CSB3.9.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	CCL CSC	5%	
3º	CSB1.1.2. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Participa de forma autónoma na planificación e execución de accións e tarefas.	CSIEE CAA	10%	

3º	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA	10%	
3º	CSB4.1.1Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	Identifica Idade Media e Moderna asociándoas aos feitos que marcan inicios e finais.	CSC CMCCT CCL CCEC	5%	
3º	CSB4.2.1.Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.	Coñece feitos representativos de cada unha das idades da historia.	CSC CMCCT CAA CCEC	15%	
3º	CSB4.3.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado	CSC CMCCT CAA CCEC	10%	
3º	CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas mái importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	Sitúa nunha liña do tempo a Idade Media e a Idade Moderna.	CMCCT CSC CCEC	10%	
3º	CSB4.4.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.	Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España	CMCCT CSC CCEC CCL	7,5%	
3º	CSB4.4.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	CSC CCEC CAA	5%	

